Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.
Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás

necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.
2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:
A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.
Os aspectos sobre os que recoller información serán:
- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.
O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.
A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.
3. TOMA DE DECISIÓNS:
Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:
- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**
Peso UD/ Tipo Ins.	**20**	**7**	**7**	**10**	**12**	**8**	**6**
Proba escrita	65	45	40	60	60	50	35
Táboa de indicadores	35	55	60	40	40	50	65

Unidade didáctica	**UD 8**	**UD 9**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**15**	**15**	**100**
Proba escrita	55	30	**51**
Táboa de indicadores	45	70	**49**

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:
O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:
a) Mediante entregas de traballos teóricos e prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. A nota será menor, de entregarse a tarefa fóra de prazo, no caso de aceptarse. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 50%
b) A través de probas teórico-prácticas, nas unidades didácticas que así o requiran. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 50%
É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e

que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliación. O traballo debe facerse na aula aínda que podan rematar certas actividades na casa.
Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden aplicar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Un exemplo dalgúns que se poden empregar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:
- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.
- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).
- É quen de expresar con corrección os conceptos e utilizar a terminoloxía sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.
- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.
- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa e colaborativa.
CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá nunha media aritmética.
Peso de cada avaliación na ponderación final:

- 1ª avaliación: 20%
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 50%

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:
O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores.
Ditas entregas faranse de xeito periódico, en cada trimestre, nas datas indicadas polo profesorado.

Proporase ao alumnado que non supere algunha parte da materia, un caderno de recuperación antes da avaliación final , indicando os plazos na plataforma EVAedixgal.
O alumnado terá a posibilidade de recuperar as avalaicón de xeito independente ou de xeito extraordinario nunha recuperación final. Esta recuperación contará a entrega de traballos un 40% e o proba escrita un 60%.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMENTO PERIÓDICO:
O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades dos estudantes, os materiais dixitais poden ser complementados cun caderno de actividades en formato físico. O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e dos pendentes a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais convocándoos a través da aula virtual e especialmente a través dos titores que poden servir de estímulo para non abandonar estas materias que non se cursan.
A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.
A nota final consistirá na media das 3 entregas ou avaliacións:
- 1ª entrega: 20%
- 2ª entrega: 30%
- 3ª entrega: 50%

PROBA FINAL:
De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final, que consistirá nunha proba teórico-práctica cun valor dun 60% e a entrega de traballos con valor dun 40%. Acadará o aprobada se a cualificación e 5 ou superior.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidades. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.
A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.
A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.
Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.
Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:
MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.
- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a autoestima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departemento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poida ser escolarizado disporá da modalidade que lle garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.
MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:
- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.
MEDIDAS ORGANIZATIVAS:
- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.
- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se

incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.
- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.		X					X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X			X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.		X		X	X			
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X

	UD 9
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X
ET.9 - Creatividade.	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.
Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os mateirais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.
Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:
- Na educación para a igualdade de xénero, evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.	Visitas guiadas a exposicións en museos, galerías, salas de exposicións, etc., con eventos temporais ou permanentes			X
Participación en distintos premios e concursos vinculados á nosa área.	Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan a polos en práctica eles mesmos no futuro.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Realización de proxectos do Departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares ou outros. O noso alumnado pode participar en propostas creativas como murais, tarxetas de Nadal, Entroido ou calquer proposta que poda enriquecer ó noso alumnado, xa parta do noso departamento ou doutros.			X

Observacións:

Propoñemos unha serie de actividades posibles pero non confirmamos nin fechas nin plazos.
1.-Visita o Museo provincial, facendo fincape na colección permanente poñendo de mnifesto o valor do patrimonio.
Empregaremos a beca da deputación Coñece o Museo
https://museo.depo.gal/es/educacion/comunidade-educativa/programa-conece-o-museo
2.-Poderiamos acudir as explosición temporais da fundación ABANCA , pero isto será posible segundo o programa de actividades tanto da fundación como do centro educativo.
3.-Tratarase de planificar máis actividades complementarias do departamento, na medida do posible. Nas distintas institucións culturais da conselleria, CGAC, Cidade da cultura, Culturgal, Innovart...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
(AD) Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).

Metodoloxía empregada
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(M) Amoso, ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados de cursos anteriores, que se adaptan á tarefa solicitada para que sirvan de exemplo ao alumnado do que se pode facer.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / por parellas / en grupos reducidos / en grupos grandes.
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretala, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Como paso as horas lectivas: intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: exames escritos / exames orais / traballo individual / traballo en equipo.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / En grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / Co alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome a este.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
(A) Que teño en conta para medir os resultados? A nota final / o avance, tendo en conta a situación de partida.
Medidas de atención á diversidade
(M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
Clima de traballo na aula
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase? Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilítama o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / facilítanma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:
- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Deseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.
Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.
A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:
Ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.
En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:
- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	1º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 23

4.2. Materiais e recursos didácticos 23

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 24

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 25

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 26

6. Medidas de atención á diversidade 26

7.1. Concreción dos elementos transversais 26

7.2. Actividades complementarias 27

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 27

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 28

9. Outros apartados 28

1. Introdución

O IES Luís Seoane está situado na urbanización de Monte Porreiro pertencente á cidade de Pontevedra. Nel impártense, en réxime de diúrno e nocturno, ciclos; ademais de ESO y BACH en diúrno. O IES concibe a educación como servizo público ao que teñan acceso todos os cidadáns en condicións de equidade e xustiza. Unha educación asentada en valores compartidos e na consecución de obxectivos consensuados, que axuden a superar as barreiras físicas, intelectuais e socioeconómicas, que promova a igualdade de xénero, que se asente na cultura do esforzo e da cooperación e que sirva para aprender a vivir xuntos.
O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	¿Te puedo ayudar?	- Elementos de la comunicación. - Funciones del lenguaje. - El texto. Propiedades y clases de textos. - La palabra. Relaciones semánticas y constitución de palabras.	17	17	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	¿Creamos mundos?	- El sustantivo. Género número y clases de nombres. - El adjetivo. Clases y grados. - La literatura y el texto literario. - El género narrativo. Elementos de la narración y subgéneros narrativos.	17	17	X		
3	Vidas repletas de historias. La maleta de un poeta.	- El texto narrativo. - Determinantes y pronombres. - El género lírico: recursos literarios, el verso y las estrofas.	17	17		X	
4	Visión de futuro, la poesía se mueve.	- El texto descriptivo. - El verbo. - La lírica y sus subgéneros.	16	18		X	
5	Guíame, montemos una escena.	- Textos instructivos y normativos. - El lenguaje, las lenguas y la escritura. - El adverbio, la preposición y la conjunción. - El género teatral.	17	18			X
6	Así hablamos, con don de lenguas.	- El diálogo. - Las lenguas de España. - Las variedades del español. - El enunciado y la oración.	16	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	¿Te puedo ayudar?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	O alumnado deberá comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos seleccionados.	PE	80
CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá ser capaz de explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, identificando así os distintos elementos comunicativos.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado é quen de organizar a información e integrala no seu discurso, para despois comunicala dun xeito adecuado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	O alumnado comprende o sentido e a información máis relevante de fragmentos literarios seleccionados.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado debe ser capaz de explicar e argumentar a súa interpretación das obras lidas.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado é capaz de argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor e como estas afectan aos distintos elementos comunicativos.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de formular xeneralización sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua asociados aos contidos dados.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	O alumnado deberá comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante dos textos orais e multimodais seleccionados.	TI	20
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado deberá ser capaz de planificar a redacción de textos, elaborar esquemas e borradores de xeito que podan presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.		
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado deberá localizar e seleccionar información procedente de diferentes fontes e contrastala.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. - Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas. - Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e intersección ns entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
2	¿Creamos mundos?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	O alumnado deberá comprender e interpretar o sentido global, estrutura e información máis relevante en textos escritos.	PE	80
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado deberá ser capaz de valorar a forma e o contido de textos sinxelos.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado debe ser capaz de valorar a forma e contido de textos do xénero narrativo diferenciando subxéneros e poñéndoos en relación coas características de dito xénero.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado deberá ser capaz de compartir a experiencia da propia lectura expresando as súas ideas e poñéndoas en relación co lido e traballado ao longo da unidade.		
CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado deberá ser capaz de establecer vínculos entre os distintos textos lidos, así como con outras manifestacións artísticas.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá formular xeneralizacións sobre aspectos básicos relacionados coas categorías gramaticais traballadas a partir da observación, transformación de enunciados e hipóteses.		
CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá ser capaz de identificar problemas propios de comprensión lectora a través do traballo con textos.	TI	20
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá ser capaz de escribir con corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá ser capaz de revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora a partir do propio traballo.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá escribir con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá ser capaz de revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora a partir do propio traballo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión e análise critica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e intersección ns entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
3	Vidas repletas de historias. La maleta de un poeta.	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	O alumnado debe ser capaz de interpretar o sentido global, estrutura e información máis relevante dos textos escritos, especialmente dos textos narrativos e daqueles escritos en verso.	PE	80
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado deberá compartir a experiencia da lectura e relacionar o sentido da obra coa propia experiencia lectora.		
CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado debe ser capaz de establecer vínculos argumentados entre os textos lidos e outros escritos do xénero lírico atendendo ás súas características definitorias.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado debe ser capaz de incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, amosando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical nas súas producións.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado debe formular xeralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación e transformación de enunciados e da formulación de hipóteses relacionadas coas categorías gramaticais traballadas na unidade.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.	O alumnado deberá ser capaz de adoptar hábitos de uso crítico e seguro das tecnoloxías dixitais, especialmente na procura de información.	TI	20
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos da lectura	O alumnado deberá ser capaz de localizar, seleccionar e contrastar a información de diferentes fontes.		
A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres, gardando os obxectivos xa acadados. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante todo o curso, baseado na realización de boletíns nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación. Estés boletíns terán un peso do 10% na nota.
O alumnado deberá realizar dúas probas escritas unha na convocatoria de xaneiro e outra en maio. As probas terán un peso do 90%.
Outra vía para a recuperación da materia pendente é obter unha cualificación positiva na segunda avaliación do curso actual. Do mesmo xeito, o alumnado poderá superar a materia superando a do curso actual.
Nas probas serán avaliados de:
COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 30%.
Listening:15%.
Reading: 15%.
Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.
PRODUCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 10%.
Wiiting
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección, proba escrita.
INTERACCIÓN (CA1.6+Ca1.7) 5%.
Interacción escrita.
Instrumentos de avaliación: rúbrica, proba escrita.
MEDIACIÓN (CA 1.8 + CA1.9) 5%.
Tradución dun texto.
Instrumentos de avaliación: rúbrica, proba escrita.
PLURILINGÜISMO ((CA2.1+ CA2.2+ CA2.3) 40%.(Gramatica e vocabulario)
IInstrumentos de avaliación: Proba escrita.
NTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3) 10%
Instrumentos de avaliación: Boletíns de avaliación que conteñen actividades tipo: cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadero ou falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar, textos de comprensión oral e escrita sobre aspectos culturais dos países de fala inglesa.

6. Medidas de atención á diversidade

Como punto de partida, tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:
- A capacidade para aprender a aprender
Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos son capaces de acadar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso.
Así o reflicten as actividades do Student s Book e do Workbook, pois, a través dunha reciclaxe continua de estruturas e vocabulario, ofrecen, por unha banda, amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e, por outra, facilitan a ampliación de materia aos que teñen máis nivel.
- A motivación para aprender
A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, pois depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que tivera até ese momento e, por outra, do proceso de aprendizaxe que seguira. Isto influirá notabelmente tanto no nivel de motivacións individuais como na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.
Para levar a cabo a escolma dos temas incluídos neste curso realizamos unha ampla investigación, abranguendo non só o punto de vista do profesor/a a través de cuestionarios, senón tamén o dos alumnos/as, para así adaptalos ás súas idades, experiencias e contorna.
- Os estilos de aprendizaxe
Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.
Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e, porén, necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar concienciudamente e aprender máis amodo, obtendo o mesmo resultado. Este factor tívose en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, incluíronse no Student's Book breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para pór en práctica a gramática aprendida. Isto compleméntase con táboas gramaticais na sección Grammar Lab (ao final do Student's Book) e no apéndice gramatical do Workbook, que lles axudan a aprender e repasar o presentado paso a paso, en especial a aqueles que non usen tanto o estilo sintético ao aprender. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, en todas as unidades tivéronse en conta os distintos modos de aprendizaxe.
Tamén se prestou unha atención especial á modalidade sensorial preferente¿ dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), isto é, ás posíbeis maneiras de levar á práctica o aprendido.
- Os intereses do alumnado
Esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros, dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso, incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control tanto no Student' sBook coma no Workbook. Ao final do Student' s Book incluímos un apéndice con rúbricas para que os alumnos/as se avalíen entre eles, un apéndice con táboas gramaticais engadidas e exercicios, un apéndice de pronuncia con exercicios engadidos e unha listaxe de verbos irregulares, e ao final do Workbook un glosario, así como un apéndice gramatical e unha guía de escritura na lingua materna dos alumnos/as para os que necesiten apoiarse máis na presentación teórica.
No Workbook inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis a gramática e o vocabulario, ademais dun ditado, unha sección de comprensión, un exercicio de tradución inversa, e expresión escrita e actividades para que os alumnos/as máis avanzados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Por último, tamén se inclúen catro páxinas de repaso por módulo (Check Your Progress e Competences Check) que permiten atender á diversidade. Ademais, os alumnos/as poderán atopar na web www.burlingtonbooks.es/Options1 as gravacións en formato mp3 dos textos do Student¿s Book, así como os exercicios de comprensión oral coas súas transcricións e os ditados do Workbook.
Con este método preséntase a ferramenta Digital Options, que inclúe diferentes ferramentas para axudar á aprendizaxe dos estudantes: Vocabulary Presentation e Grammar Presentation permiten aos estudantes preparar as leccións de vocabulario e gramática antes de asistir á clase. Vocabulary and Grammar Review conta con exercicios autocorrixíbeis para practicar o vocabulario e a gramática estudados no Student¿s Book e cobre todos os requisitos do novo currículo oficial. Shuffle Game, que se pode xogar online de maneira individual, ofrece unha práctica engadida de vocabulario e gramática. Record Yourself Dialogue and Activity ofrece multitude de actividades para practicar linguaxe funcional. Project Options subministra axuda e recursos para facer os proxectos online do Student¿s Book. Digital Options Video permite aos alumnos/as acceder aos vídeos para que poidan velos na casa. O Learning Management System (LMS) online permite aos profesores/as seguir o traballo de cada estudante. Wordlist

Plus ofrece aos alumnos/as a posibilidade de traballar con listaxes interactivas de palabras no teléfono móbil e permítelles e consolidar o vocabulario no momento que queiran.
O Teacher' s Manual ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e ampliación, outras de comprensión oral, corrección de erros e información sociocultural e interdisciplinar engadida, ademais de continuas suxestións ao profesor/a sobre como dividir a súa axuda segundo as distintas necesidades da clase.
O Teacher' s All-in-One Pack ofrece un exame de diagnóstico que se recomenda facer ao comezo de curso para ver o nivel dos alumnos/as, así como exercicios de repaso para que revisen os puntos nos que atoparon maior dificultade. Ademais ofrece dezaoito exames (un por cada sección dos módulos A, B e C), seis exames para os módulos con tres niveis de dificultade, tres exames trimestrais con tres niveis de dificultade, dous finais e catro exames para avaliar as competencias específicas de comprensión e produción oral e escrita (Competences Test), para poder elixir o máis axeitado segundo a capacidade de cada alumno/a. E ademais inclúe follas de traballo (Extra Resources), que se dividiron da seguinte maneira:
Extra Practice: subministran práctica engadida co mesmo nivel que o presentado na unidade.
Extension: enfocadas a que os alumnos/as máis avanzados poidan ampliar os coñecementos adquiridos dunha maneira máis significativa e motivadora.
O profesor/a tamén dispón de recursos dixitais, que inclúen: Interactive Whiteboard Materials, coas versións dixitais enteiramente interactivas do Student' s Book e o Workbook para facilitar as clases e a corrección; Test Factory and Other Editable Resources, con todo o material do Teacher' s All-in-One Pack en formato editábel; Burlington ESO Grammar Factory, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente; e Burlington ESO Culture Bank, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos estudantes.

PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:
Plan específico personalizado para o alumnado de primeiro da ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.
O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:
a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
g) Acreditación da información á familia.
En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico		X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación de calidade	X		X				
ET.11 - Cidades e comunidades sustentábeis				X			
ET.12 - Saúde e benestar		X					X
ET.13 - Industria, innovación e infraestrutura				X			X
ET.14 - Vida de ecosistemas terrestres						X	
ET.15 - Vida submarina						X	
ET.16 - Auga limpa e saneamento				X			
ET.17 - Enerxía accesíbel e non contaminante					X	X	
ET.18 - Alianzas para acadar os obxectivos							X
ET.19 - Acción polo clima				X	X	X	
ET.20 - Fame cero					X		X
ET.21 - Redución das desigualdades	X	X	X	X	X	X	X
ET.22 - Paz, xustiza e institucións sólidas			X				

Observacións:
Inclúense tamén os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel expostos na Axenda 2030.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Teatro	. Programamos a visualización de varias obras de teatro en lingua inglesa. Neste intre está aínda por concretar a obra, lugar e alumnado participante.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Modalidades Erasmús +	Aínda que o alumnado de 1º da ESO este curso escolar non participará directamente en ningunha das mobilidades, sí se beneficiará dos resultados das mesmas, por exemplo, cando recibamos a alumnado estranxeiro ou cando o alumnado participante doutros cursos expoña as súas experiencias. Todo isto contribúe en gran medida en despertar o interese na lingua inglesa, xa que é lingua vehicular na gran maioria destas actividades, aumentando tamén os seus coñecementos culturais e xeográficos dos países de orixe desde alumnado.	X	X	X
Erasmus Club	Este curso escolar temos prevista a creación dun Club Erasmus ao que se poderán unir todos os alumnos que así o desexen co obxectivo de fomentar o coñecemento sobre Europa e os valores do programa Erasmús +.	X	X	X

Observacións:
O departamento de inglés na reunión de organización e planificación do curso acordou para o curso de 1º ESO; colaborar co departamento de galego e traer a Charo Pita e Alice Fernback a facer unha representación bilingüe galego-inglés de contos tradicionais, as datas ainda están por concretar. O alumnado acudirá a obra "The European Odyssey" organizada pola Afundación Abanca en Pontevedra é terá lugar o luns 12 de xaneiro 2026.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou doutro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Medidas de atención á diversidade
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.

Clima de traballo na aula
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado responderán un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.
O grao de consecución será: Sempre / Ás veces / Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.
Nas reunións mensuais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Además, nestas reunións frase un seguimiento detallado da marcha do curso e o cumplimento da programación. Na reunión do departamento posterior ás sesión de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.
O seguimento da pogramación farase tamén a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).
Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 10

4.1. Concrecións metodolóxicas 35

4.2. Materiais e recursos didácticos 37

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 38

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 39

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 40

6. Medidas de atención á diversidade 42

7.1. Concreción dos elementos transversais 44

7.2. Actividades complementarias 46

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 46

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 48

9. Outros apartados 49

1. Introdución

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 1º de ESO os catro bloques concrétanse en nove unidades didácticas, distribuídas en tres por cada trimestre nas que se tratan contidos dos catro bloques. Non obstante, o profesorado poderá alterar a orde dos contidos se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

Este fomento do ensino-aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional»..

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1	A partir da lectura «O que non se di, non existe», do libro 22 segundos (Eva Mejuto), o alumnado reflexionará sobre as características propias da conversa e afondará nos factores que determinan a adecuación textual mediante a escolla de diferentes rexistros. Afondarase na tipoloxía textual distinguindo entre textos literarios e non literarios segundo a súa intención comunicativa. O alumnado coñecerá o vocabulario propio do ámbito escolar. Achegamento á diversidade lingüística do mundo a partir das familias	5	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1	de linguas, nas que se localizará o galego dentro das linguas románicas e en relación á lusofonía. O estudo dos elementos que interveñen no acto comunicativo asociaranse ao recoñecemento das unidades lingüísticas dende a máis pequena (a palabra) á unidade máxima comunicativa (o texto) deténdose no enunciado e os seus tipos. Repaso do alfabeto galego e das correspondencias entre sons e grafías.	5	12	X		
2	Unidade 2	A partir da lectura «A paga» (Jacobo Fernández Serrano), o alumnado poderá reflexionar sobre a paga que os adolescentes adoitan recibir por parte de seus pais. Ademais, achegaranse á importancia da coherencia na comprensión dun texto, así como ao papel destacado dos elementos non verbais e da prosodia para unha comunicación efectiva. Afondarase nas peculiaridades da banda deseñada ao conxugar palabra e imaxe. O alumnado coñecerá o vocabulario propio dos animais, tanto de nomes de especies como dos sons que emiten e dalgunhas outras peculiaridades. Continuamos o estudo das clases de palabras prestándolle unha especial atención ao substantivo (tipos e xénero e número), adxectivos e frase substantiva e nominal. Estudo da sílaba, distinción da sílaba tónica e diferenzas entre ditongos e hiatos.	10	11	X		
3	Unidade 3	A partir da lectura «Matateu», do libro Quen mata un can (Érica Esmorís), o alumnado poderá reflexionar sobre os malos tratos aos animais e tamén sobre as experiencias de ter mascota. Ademais, afondarán nos conceptos de tema, título e idea principal dun texto de escrito. Tamén completarán o percorrido iniciado nas dúas unidades anteriores a través das propiedades textuais para prestarlle atención arestora á cohesión. Afondarase nas características do texto narrativo e na voz narradora. O alumnado coñecerá o vocabulario propio dos oficios e profesións e tamén dos obxectos vinculados a estas. Tamén se achegarán aos sufixos característicos neste campo semántico. O plurilingüismo do Estado español e e o estatus legal de cada unha desas linguas, ademais de deterse no parentesco entre elas. O verbo, en concreto na conxugación, no tempo e no modo dos	15	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Unidade 3	verbos regulares. Uso de c / z / qu.	15	12	X		
4	Unidade 4	A partir da lectura «As campioas discreta», un texto xornalístico de Omar Bello, o alumnado poderá reflexionar sobre o deporte feminino e as súas dificultades para facerse visible ante a sociedade. Ademais, achegaranse á importancia do título na comprensión e estruturación dun texto, así como ao papel da anáfora como recurso de cohesión. Afondarase nas peculiaridades do texto xornalísticos e nos coñecidos como seis w. Avanzamos no estudo das clases de palabras prestándolle unha especial atención ao corpo humano, tanto no que ten que ver con partes concretas como nos tabús e eufemismos que se xeran arredor deles, así como tamén en adxectivos relativos ao físico das persoas. O pronome persoal, coñeceremos os seus paradigmas tónico e átono para centrarnos a continuación na colocación da serie átona, na distinción te/che e no pronome átono de CD en terceira persoa. Estudo da acentuación diacrítica e tamén da diérese.	10	10		X	
5	Unidade 5	A partir da lectura de «Glok», do libro O mundo máxico de Lía (Eduardo Santiago), o alumnado poderá reflexionar, a través dun texto protagonizado por unha nena e un trasno, sobre os problemas que crea a falta de empatía para a adaptación nun grupo determinado. Así mesmo, o tempo dedicado á oralidade centrarase desta volta nas fórmulas de saúdo. Ademais, achegaranse á importancia da deíxe como elemento fundamental da cohesión e tamén na fraseoloxía. Afondarase nas características e tipos de descrición escrita. O alumnado coñecerá o vocabulario propio da vestimenta. O plurilingüismo en España e no estatus legal e na situación social das distintas linguas. Así mesmo, préstaselle atención ao parentesco entre linguas. Continuamos co estudo das clases de palabra introducíndonos no verbo, con atención á conxugación, tempo e modo dos verbos regulares. Uso de c/z /qu; uso de cc e ct.	10	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Unidade 6	A partir da lectura «Animais que curan», un texto xornalístico de Zairo Pallas publicado en Nós Diario, o alumnado poderá reflexionar sobre os beneficios emocionais e psicolóxicos dos animais e, por este motivo, a súa utilización en terapias. Así mesmo, na unidade incidirase no proceso de dar e recibir información . Por outra parte, achegaranse á importancia do subliñado como técnica de traballo e á importancia da como elemento básico de cohesión. Afondarase nas peculiaridades na reportaxe e na súa estrutura. Avanzamos no estudo das clases de palabras prestándolle unha especial atención ás novas tecnoloxías e tamén a algunhas iconas utilizadas en informática. Ademais, o apartado dará pé a xerar opinións sobre algúns retos e interrogantes que aínda xeran os dispositivos electrónicos e Internet. O pronome persoal, nos verbos con alternancia vocálica, nos verbos irregulares e nas formas infinitas e nas perífrases verbais. Estudo do uso de b e v.	10	12		X	
7	Unidade 7	A partir da lectura dos textos «Grafiteiras» e «Non sabemos», do libro Street Poems (Fran Alonso), o alumnado poderá achegarse ás conexións entre a poesía e a cultura urbana, así como as inquedanzas dos máis novos. Así mesmo, o tempo dedicado á oralidade deterase tamén na poesía, dado que se traballará o recitado e achegarase o alumnado ás regueifas. No tocante á expresión escrita deteranse tamén no verso e na súa relación coa imaxe. Afondarase nas características da lírica e no ritmo e na rima, ademais de incidir na relación entre canción e poesía. O alumnado coñecerá o vocabulario propio dos medios de transporte e tamén nas palabras compostas. A biografía lingüística e os a conceptos lingua ambiental, desigualdade social e normalización lingüística. Avanzamos co estudo das clases de palabra achegándonos arestora aos adverbios e á frase adverbiale ás preposicións e á frase preposicional. Uso de h, os signos de puntuación e o punto.	10	12			X
8	Unidade 8	A partir da lectura «Fronteiras», un texto teatral da obra O valo (Carlos Labraña), o alumnado poderá reflexionar sobre as circunstancias que xeran no mundo desprazamentos de poboación, xa sexa en	10	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Unidade 8	forma de refuxiados ou de migracións en xeral. Seguindo esta liña, na unidade debaterase sobre fronteiras. No tocante á expresión escrita, o alumnado achegarase ao resumo. Afondarase nas singularidades do texto teatral. Avanzamos no estudo das clases de palabras prestándolle unha especial atención ao coidado do medio. Ademais, o apartado dará pé a xerar opinións sobre accións beneficiosas para o ambiente. Entraremos xa no estudo da sintaxe comezando polo suxeito e o predicado. Estudo do uso de r/rr, a coma e o punto e coma.	10	12			X
9	Unidade 9	A partir da lectura do texto «Ti non es de aquí?», de Eladino Cabanelas Fernández, pertencente ás instrucións do xogo de mesa do mesmo nome, o alumnado poderá introducirse nas características do texto instrutivo. Pola súa parte, o tempo dedicado á oralidade estará dedicado nesta derradeira unidade do curso á exposición oral. No tocante á expresión escrita farán algunhas actividades relacionadas cos retos e emprenderán xa un repaso dalgúns aspectos gramaticais vistos ao longo do curso. Afondarase nas características das normas e instrucións de uso. Vocabulario propio do deporte e tamén dos xogos de mesa. As variedades xeográficas do galego e a súa relación coa variedade estándar. Ademais, prestarémoslle atención ao galego falado máis alá das fronteiras políticas de Galicia. Nesta derradeira unidade complétase a aproximación á sintaxe co estudo do complemento directo, indirecto e dos complementos circunstanciais. Uso de x/s, os dous puntos e os puntos suspensivos.	15	10			X
10	Unidade 10	A partir de cada unha das lecturas de cada trimestre traballaremos a comprensión escrita e a expresión tanto oral como escrita a través de tarefas ou probas que serán explicadas no seu momento.	5	3	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado localiza nun mapa da Península Ibérica a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe.	PE	70
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado identifica, nunha conversa ou entrevista, os principais elementos do feito comunicativo.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado identifica a intención comunicativa do emisor en enunciados sinxelos.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado redacta textos sinxelos adaptados a unha situación comunicativa dada.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado relaciona o propósito comunicativo do emisor co uso de determinados termos previamente traballados.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica, en textos dados e na obra de lectura obrigatoria, algúns trazos formais do xénero narrativo		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea un breve texto narrativo.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado identifica e caracteriza as diferentes tipoloxías enunciativas.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica estereotipos básicos sobre a lingua galega	TI	30
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha breve presentación da súa biografía lingüística. Indica que linguas fala, escribe ou aprende, como as aprende, que lingua/s utiliza/n a súa familia ou persoas achegadas...		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente no desenvolvemento da aula respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa sobre o inicio de curso e o instituto. .		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza e selecciona información en fontes previamente facilitadas pola docente.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado reflexiona ante informacións nesgadas de maneira guiada.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa e corrixe as súas producións escritas.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado identifica e interpreta a intención do emisor nas lecturas breves da unidade		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado emite comentarios críticos sobre os textos que escoita e le.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado identifica o tema da lectura inicial e asóciao con situacións do seu contexto en que tamén está presente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as lin-guas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimo-dais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da informa-ción relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da pa-labra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa in-corporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.

Contidos
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e intersección ns entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado debe recoñecer nun mapamundi as principais familias lingüísticas e linguas do mundo.	PE	70
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais descritivas (estrutura, tipos...).		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza, de acordo coas pautas da tipoloxía descritiva, unha descrición dun obxecto, unha paisaxe, un animal ou unha persoa.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado é capaz de escribir un texto breve sobre un tema dado con coherencia.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) do libro de lectura común.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais da obra narrativa de lectura común.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preselecciónsguiándose polos propios gustos, intereses enecesidades e deixando constancia do propioitinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado acode á biblioteca escolarcon motivo da celebración do Día daBiblioteca, selecciona unha obra deacordo cos seus gustos ou preferecias delectura e explica o motivo da súa escolla.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautase modelos, a interpretación das obras lidas a partirda análise das relacións internas dos seus elementosconstitutivos co sentido da obra, atendendo áconfiguración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado é capaz de identificar ascaracterísticas dos personaxes principaisda obra narrativa de lectura común		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos paraenriquecer os textos, atendendo a aspectosdiscursivos, lingüísticos e de estilo, con precisiónléxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe soletrear os grafemas eos dígrafos do galego.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectosbásicos do funcionamento da lingua a partir daobservación, comparación e transformación deenunciados, así como da formulación de hipóteses ea procura de contraexemplos, utilizando unhametalinguaxe específica e consultando de maneiraguiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado recoñece as característicasbásicas do substantivo e o adxectivo eclasifícaos semanticamente.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, aestrutura, a información máis relevante e a intenciódo emisor en textos escritos e multimodais sinxelosde diferentes ámbitos que respondan a diferentespropósitos de lectura, realizando as inferenciasnecesarias.	O alumnado é capaz de identificar o temadun texto breve.	TI	30
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastarinformación de maneira guiada procedente dediferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade epertinencia en función dos obxectivos de lectura,adoptando un punto de vista crítico e respectando osprincipios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza e selecciona información en fontes previamentefacilitadas pola docente.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro,sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais conrelación á procura e á comunicación da información,reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado compara información dedúas fontes diferentes.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiadae facer propostas de mellora argumentando asmudanzas a partir da reflexión metalingüística ecunha metalinguaxe específica, e identificar eretocar algúns problemas de comprensión lectorautilizando os coñecementos explícitos sobre a linguae o seu uso.	O alumno revisa a ortografía dos seuspropios textos de maneira guiada.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora, nun texto dado, palabras sinónimas, hiperónimas e hipónimas co obxectivo de evitar repeticións no discurso.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado localiza en textos teatrais, suxeito e predicado e analízaos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explica as funcións do suxeito e predicado en textos propostos.		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a fórmula teatral.	TI	30
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado fai unha exposición oral sobre a celebración do 17 de maio.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza e selecciona información en fontes dadas sobre o teatro galego.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado contrasta a información de diferentes fontes.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado relaciona as características da obra de teatro de lectura común con outros fragmentos de textos teatrais tratados na aula.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea un texto teatral sinxelo sobre temática do seu contexto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos. - Lectura con perspectiva de xénero. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

UD	Título da UD	Duración
9	Unidade 9	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece e valora a existencia da variedade estándar e as variedades xeográficas do galego.	PE	70
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global e a intención do emisor de normas e instrucións.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado redacta unhas normas dirixidas ao alumnado que chegue novo ao centro ao curso seguinte.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os seus propios textos e retoca os usos de x e s.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica o grao de formalidade da situación da peza teatral de lectura común do trimestre, distingue o propósito comunicativo do seu personaxe e interpreta as súas intencións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado responde preguntas sinxelas sobre a temática e estrutura e recursos formais usados na obra teatral de lectura común.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica na obra teatral de lectura común algúns dos seus principais elementos do xénero teatral.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado coñece algúns dos temas e tópicos máis frecuentes na literartura (o amor, a vida, a morte etc.) e sabe identificalos na obra de lectura común (peza teatral).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado usa adecuadamente os dous puntos e os puntos suspensivos nas producións textuais da unidade.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado recoñece e analiza o complemento directo, indirecto e circunstancial.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identifica e rexeita prexuízos lingüísticos e valora a riqueza lingüística da súa contorna.	TI	30
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora as normas e instrucións de uso como textos útiles na vida cotiá.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións sinxelas sobre o ámbito do deporte.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado respecta a quenda de palabra e escoita activamente as compañeiras e compañeiros		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é quen de realizar unha lectura expresiva e posterior dramatización da obra de teatro de lectura común atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados no seu desenvolvemento.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea en grupos pequenos un pequeno diálogo teatral e interprétao na aula de acordo co estudado sobre o xénero no curso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as lin-guas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.
- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.
- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portu-guesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñe-cemento do léxico.
- Iniciación á reflexión interlingüística.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
10	Unidade 10	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global e a información máis relevante do emisor en textos escritos.	PE	100
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planifica e redacta textos escritos atendendo á situación comunicativa de xeito coherente, cohesionado e correcto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Orientacións pedagóxicas

Antes de comezar cada unidade, segundo a indicación do pedagogo galego, Miguel Vázquez Freire, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística asignificativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso lle corresponde á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse. Por outra banda, é preciso sinalar que sería moi efectivo crear unha liña metodolóxica común ao longo de toda a etapa, para evitar cambios ou desaxustes bruscos na/o alumna/o ao mudar de curso.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Alén do expresado anteriormente sobre os aspectos metodolóxicos, cómpre salientar que as liñas de actuación

versarán sobre:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.

- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

- O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

- O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese.

- A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgunhas linguas da Península Ibérica, especialmente da portuguesa, e que se fomentará con actuacións que lle faciliten ao alumnado galegofalante a intercomunicación nos dous idiomas (intercambios lingüísticos, concursos, glosarios bilingües/multilingües...). Cómpre que sexa consciente da utilidade deste coñecemento, non só para reforzar os vínculos culturais, sociais e económicos con Portugal e con toda a comunidade de países lusófonos, senón tamén para que a lingua galega adquira unha maior proxección internacional.

- A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos.

- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza e, asemade, a incorporación de contidos literarios, están as dramatizacións e representacións teatrais e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual (booktráilers).

- A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistema fonético-fonolóxico tanto vocálico coma consonántico, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas galegas.

- A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos.

- A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutros ámbitos. Fomentarase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

- A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén se deben abordar lecturas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para afondar nestes contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ausubel, David (1976). Psicología Educativa. Un punto de vista cognoscitivo. México: Trillas.
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións.
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do português contemporâneo de acordo com a nova ortografía. Rio de janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Xerais. Vigo
Fernández Fernández, Isaac (2010). Diccionario galego-euscaro, euskara-galiziera. Vigo: Universidade de Vigo.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais.
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Xerais. Vigo
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo. Galaxia.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais de Galicia
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais de Galicia
Torres Santomé, Jurjo (1995). O Curriculum oculto. Portugal: Porto.
Vázquez Freire, Miguel (1992). O Curriculum. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l`Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del català. Barcelona. Teide

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, dispoñemos de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

- Libro de texto de referencia: Campos Villar, Xabier; Diéguez Pardo, Natividad; Iglesias Álvarez, Ana & Louzao

Outeiro, Miguel (2022). ESO 1 Lingua e Literatura. Vigo: Xerais.

Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, escada rolante, muletas etc.)

Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

Alén dos materiais citados tamén se recomendan outros recursos en formato dixital:

- Aulas Galegas: https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/

- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: https://rinoceronte.gal/dicionario/

- Dicionario da Real Academia Galega: http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do

- Dicionario de pronuncia da lingua galega: http://ilg.usc.es/pronuncia/

- Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html

- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: http://www.portaldaspalabras.org/

- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, poderá constar sobre as seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar preguntas fechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Produción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática dun texto para ler en común proposto.
- Produción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática dun texto proposto.

Á parte disto, a proba poderá incluir diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**10**	**15**	**10**	**10**	**10**	**10**
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**15**	**5**	**100**
Proba escrita	70	70	100	**72**
Táboa de indicadores	30	30	0	**28**

Criterios de cualificación:

CÁLCULO DA NOTA DA 1ª AVALIACIÓN:
Cualificación baseada na media das probas obxectivas realizadas conforme a:
70% (correspondente á avaliación de contidos da Programación didáctica) + 10% (correspondente á avaliación do referente a obras de lectura común que figuran na Programación didáctica) + 10% correspondente á corrección de cadernos e traballo na aula + 10% correspondente ao uso da lingua oral nas aulas e posibles probas obxectivas de oralidade.

CÁLCULO DA NOTA DA 2ª AVALIACIÓN:
Cualificación baseada na media das probas obxectivas realizadas conforme a:
70% (correspondente á avaliación de contidos da Programación didáctica) + 10% (correspondente á avaliación do referente a obras de lectura común que figuran na Programación didáctica) + 10% correspondente á corrección de cadernos e traballo na aula + 10% (correspondente ao uso da lingua galega oral nas aulas e posibles probas obxectivas de oralidade.

CÁLCULO DA NOTA DA 3ª AVALIACIÓN:
Cualificación baseada na media das probas obxectivas realizadas conforme a:
70% (correspondente á avaliación de contidos da Programación didáctica) + 10% (correspondente á avaliación do referente de obras de lectura común que figuran na Programación didáctica) + 10% correspondente á corrección de cadernos e traballo na aula + 10% (correspondente ao uso da lingua galega oral nas aulas e posible proba obxectiva de oralidade.

CÁLCULO PARA OBTER A CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO:
Media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións anteriores.
Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior. A nota ordinaria de cada avaliación parcial e da final poderase arredondará alza, sempre e cando a cifra decimal sexa igual ou superior a 0,7 e sempre que o/a alumno/a demostre interese e esforzo na materia; se é inferior, redondearase aproximándose á unidade.

Se a cualificación é igual ou superior a 5, incrementarase 1 punto a cualificación final daquel alumnado que participase activamente e ao longo de todo o curso nos proxectos relacionados coa competencia lingüística do Contratos-programa/Comité UNESCO/Biblioteca escolar.

Alén diso, cómpre salientar que as incorreccións lingüísticas terán unha penalización de 0,05 ata un máximo dun punto que se reflectirá na cualificación de cada proba. Por este motivo, poderase aplicar unha penalización de ata un punto na súa cualificación. Así mesmo, e tal como corresponde a unha materia lingüística, todas as respostas ás probas tanto orais como escritas deberán ser contestadas en lingua galega, podendo ser causa de o alumno ou alumna non superar a proba por este motivo.
Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados en todas as unidades didácticas, de aí que se contabilice en todos os trimestres un 10% da nota correspondente á avaliación dunha obra de lectura.
Por último, cómpre salientar que os libros de lectura propostos para cada trimestre deberán abordar temáticas diferenciadas e inserirse en distintos xéneros literarios. No primeiro proporase unha obra narrativa ("A lagoa das nenas mudas", Fina Casalderrey); no segundo "Corredora" de María Reimóndez e no terceiro unha peza teatral ("O achado do Castro", Manuel Núñez Singala), ou similares. Con todo, por cuestións organizativas, a orde dos libros pode variar nos grupos en función do número de exemplares que haxa na biblioteca.

Tendo en conta os cambios derivados da publicación da Orde de 3 de maio de 2023, realizamos as seguintes aclaracións/modificacións na Programación Didáctica do 1º curso da ESO, na materia de Lingua Galega e Literatura:
-As clases rematarán o día 19 de xuño de 2026 inclusive.
-As actividades de recuperación para o alumando que non superase parte da materia realizaranse antes da avaliación final.
-O alumnado da ESO ten dereito a tres sesións de avaliación parciais e unha final.
-A terceira avaliación de cada grupo coincidirá coa avaliación final.

Criterios de recuperación:

No caso de ser precisa a realización de calquera tipo de recuperación, cos instrumentos que procedan, farase antes da avaliación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 7.7. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia establece que: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso». Con todo, e segundo o calendario establecido pola xefatura de estudos do centro poderanse facer dúas sesións de avaliación parcial en xaneiro e maio para o alumnado coa materia pendente.

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que alude ao Plan de reforzo para as alumnas e alumnos que pasen de curso con materias sen superar:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do

profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar. A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.
c) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, que serán distintas ás empregadas habitualmente co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis ríxidos para que a alumna/o siga implicada/o na materia.
e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento: computadores portátiles, impresoras, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Así mesmo, empregaranse outros medios dixitais como a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal.
f) Tarefas para desenvolver, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas, que deberá entregar ao profesor/a do curso en que se ache actualmente para seren corrixidas e, ao mesmo tempo, para poder consultar e resolver dúbidas.
g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións virtuais ou presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Poderanse ultilizar medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).
h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación deste alumnado débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aquelas actividades que non sexan susceptibles da súa repetición (presentacións, traballos colectivos etc.) serán adaptadas e avaliadas de modo que se poida comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar dúas probas extraordinarias, nos meses de xaneiro e maio. O alumnado que aprobe a primeira metade en xaneiro, só deberá realizar en maio a segunda parte. Aqueles que en xaneiro non superen a proba, deberán examinarse en maio da totalidade dos contidos. A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita se a/o profesor/a o considerar oportuno.

O alumnado debe entregar en tempo e forma os proxectos trimestrais non superados e/ou non entregados no curso anterior.

Para este alumnado coa materia pendente, utilizaranse os mesmos instrumentos de avaliación que para o resto do alumnado, e aplicaránselle as mesmas porcentaxes.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.
Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluirá os seguintes apartados:
a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizáranselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Débese ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.
Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.
Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS). O seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo farase en colaboración co departamento de Orientación e en concreto, no día a día da aula, co profesorado de pedagoxía terapéutica.

No caso dos RE, se for necesaria a súa aplicación, elaborarase, un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (o motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE.

Para o alumnado que presente TDAH e TEA aplicaránse o Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario e o Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) respectivamente e medidas como:

-Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
-Antes de empezar unha actividade, explicarase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurarase de que a

entendeu todo o alumnado.
-Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.
-Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
-Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
-Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
-Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
-Propor exercicios variados.
-Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas; o que á súa vez contribuirá a potenciar a súa zona de desenvolvemento próximo, segundo a teoría de Vygotsky.
-Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas etc.)

En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán terase presente o seguinte:

-Reducir e fragmentar as actividades.
-Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
-Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
-Non sobrecargar de tarefas para a casa.

En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:
-Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.
-Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.
-Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos e ser flexibles na súa duración.
-Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na media do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.
-Deixar suficiente espazo entre as preguntas e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.
-Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
-Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

Para o alumno con discapacidade visual aplicarase Reforzo consistene en adaptación de tempo e medios, contarase con materiais adaptados pola ONCE e co propio ordenador persoal adaptado do alumno para a realización das tarefas e probas. Durante o desenvolvemento da aula a profesora irá explicando oralmente todo aquilo que escribe no encerado ou que precisa dun soporte visual e asegurarase mediante a comunicación do alumno que está a recibir correctamente a información dada na aula.

Para o alumnado con previsión de lles aplicar unha ACS, que terá que ser autorizada pola inspección educativa, o procedemento para a súa elaboración (Orde do 8 de setembro de 2021), será o seguinte:

a) Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do Departamento de Orientación en que conste o seu nivel de competencia curricular. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico.
b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente do alumno e a xefatura do Departamento de Orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirase a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e a materia para adaptar. A xefa ou o xefe do Departamento de Orientación redactará e custodiará a acta desta reunión.
c) Elaboración da proposta de adaptación da materia por parte do profesorado que a imparte, igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, se for o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con NEAE. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación.

A xefatura do Departamento de Orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no anexo II da citada Orde, e xuntaráselle copia da acta da reunión en que se decidiu realizar a adaptación

curricular. A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización. Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente farase antes da finalización do mes de novembro, excepto no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización. Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas será realizada polo profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos que os establecidos na normativa xeral que regula a avaliación na ESO. Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ou titulación.

A información sobre as avaliacións que se lles facilite ás familias reflectirá as cualificacións obtidas, segundo os criterios de avaliación que constan nas correspondentes adaptacións curriculares.

O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do Departamento de Orientación, de elaborar e trasladar esa información.
A duración das adaptacións propostas será dun curso.
As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito, logo de remitir a solicitude correspondente, a que o centro lles facilite unha copia da adaptación curricular autorizada.

Ás ACS destes alumnos adaptaránselles os contidos e os criterios de avaliación. No primeiro caso, reduciranse os contidos aos establecidos nos mínimos de consecución e nos criterios de avaliación serán avaliados tendo en conta a redución das porcentaxes indicadas nos criterios de avaliación da PD e na non aplicación de todos eles.

No caso de que ao longo do curso se matriculase algún alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, TEA, TDAH, absentismo, atención temperá seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comunicación audivisual			X			X		
ET.2 - A competencia dixital			X			X		
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	X					X	X	
ET.4 - A educación emocional e en valores	X					X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero	X	X						X
ET.6 - A creatividade	X		X				X	
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable							X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - O emprendemento social e empresarial						X		
ET.9 - A comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - A comunicación audivisual	X	
ET.2 - A competencia dixital	X	
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	X	
ET.4 - A educación emocional e en valores		
ET.5 - A igualdade de xénero		
ET.6 - A creatividade	X	
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable		
ET.8 - O emprendemento social e empresarial		
ET.9 - A comprensión lectora	X	
ET.10 - A expresión oral e escrita	X	

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Museo do Pobo Galego	Visita ao Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela	X		
Charla-coloquio cun membro da AELG	Visita dun autor/a (por determinar)	X		
Visita cultural: visita ao salón do libro de Pontevedra.	Aproveitando a situación do centro no Concello de Pontevedra visitaremos o Salón do Libro que se celebra na cidade do 6 ao 22 de marzo de 2026 e que ten como tema da edición "A música"		X	
Saída didáctica: participación no Correlingua 2026 de Pontevedra	No mes de maio o alumnado participará na andaina co motivo da dinamización da nosa lingua organizada pola A. C. Correlingua na cidade de Pontevedra.			X

Observacións:
Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia e que estamos ante unha proposta inicial, podendo ser modificada, adaptada ou ampliada con algunha actividade maís de acordo ás necesidades do curso durante o seu desenvolvemento.
As actividades que se desenvolvan fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais e deberán figurar na PXA do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Conseguíronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.

Metodoloxía empregada
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Medidas de atención á diversidade
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude dinámica.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.
Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.
Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución
-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias
-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos
-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia
-Medidas de atención á diversidade
-A concreción dos elementos transversais
-As actividades complementarias
-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.
-Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluiranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Matemáticas	1º ESO	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 8

4.1. Concrecións metodolóxicas 20

4.2. Materiais e recursos didácticos 22

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 23

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 23

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 24

6. Medidas de atención á diversidade 25

7.1. Concreción dos elementos transversais 25

7.2. Actividades complementarias 27

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 27

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 29

9. Outros apartados 29

1. Introdución

Esta programación didáctica está pensada para a materia de Matemáticas do 1º curso da ESO. Para a súa elaboración tívose como referencia o decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
O IES Luís Seoane, está situado no barrio pontevedrés de Monteporreiro. A maioría do alumnado procede de clase media-baixa, moitos con problemáticas familiares. O centro tamén recibe alumnado inmigrante, alumnado do colectivo de etnia xitana e alumnado residente na Cidade Infantil Príncipe Felipe. Todo isto tradúcese en que unha boa parte dos/das alumnos/as presentan moi poucas aspiracións nos seus estudios.
Os/as alumnos/as que acceden á ESO veñen na súa maioría do CEIP Marcos da Portela do mesmo barrio, do CEIP de Xeve e do CEIP Daría González.
O centro oferta as seguintes ensinanzas:
- E.S.O., os catro cursos.
- Bacharelato, os dous cursos, podendo elixir entre tres opcións: Ciencia e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais e Xeral.
- Formación Profesional: FP Básica de Comercio; Ciclos Medios e Ciclos Superiores de FP pertencentes ás familias de Comercio e Marketing ou Administración e Xestión, existindo oferta tanto na modalidade presencial, como a distancia ou en réxime de adultos.
O Departamento de Matemáticas imparte clases neste curso académico nos catro niveis da ESO e nos dous do Bacharelato. Os/as alumnos/as distribúense neste curso do seguinte xeito:
- En 1º da ESO hai 3 grupos.
- En 2º da ESO hai 3 grupos.
- En 3º da ESO hai 2 grupos máis un grupo de Diversificación.
- En 4º da ESO hai 3 grupos máis o grupo de Diversificación. Neste curso o alumnado repártese en dous grupos de Matemáticas B e dous grupos de Matemáticas A.
- En 1º de Bacharelato hai 2 grupos. Neste curso o alumnado repártese nun grupo de Matemáticas I, nun grupo de Matemáticas Aplicadas ás CCSS I e noutro grupo de Matemáticas Xerais.
- En 2º de Bacharelato hai 2 grupos. Neste curso o alumnado repártese nun grupo de Matemáticas II, nun grupo de Matemáticas Aplicadas ás CCSS II e tamén hai un grupo coa materia optativa Métodos Estatísticos e Numéricos.
O Departamento de Matemáticas componse neste curso de cinco profesores/as con horario completo con praza definitiva. Ademais, o departamento de Bioloxía e Xeoloxía imparte 4 horas de apoio, unha por grupo, nos niveis de 2º ESO e 3º ESO.
A distribución do alumnado de 1º ESO neste curso académico indícase a continuación:
MATEMÁTICAS 1º ESO A
-Nº alumnos/as: 25
-Repetidores: 5
-ACS: 4
-NEAE (necesidades específicas apoio educativo): 7
-TDAH (trastorno déficit atención e hiperactividade) : 4
-PT: 8
-Problemas de conduta: 1
-Dislexia: 1
-Reforzo Matemáticas: 6
MATEMÁTICAS 1º ESO B
-Nº alumnos/as: 25
-Repetidores: 1
-ACS: 3
-NEAE (necesidades específicas apoio educativo): 4
-NEE (necesidades educativas especiais): 1
-TDAH (trastorno déficit atención e hiperactividade) : 2
-ASPERGER: 1
-PT: 4
-Problemas de conduta: 1
-Dislexia: 1
-Reforzo Matemáticas: 4
MATEMÁTICAS 1º ESO C
-Nº alumnos/as: 25

-Repetidores: 3
-ACS: 3
-NEAE (necesidades específicas apoio educativo): 7
-TDAH (trastorno déficit atención e hiperactividade) : 1
-PT: 6
-Reforzo Matemáticas: 7
Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos desta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar, modelizar e resolver problemas da vida cotiá e propios das matemáticas aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para explorar distintas maneiras de proceder e obter posibles solucións.			1-2-3-4	2	5		3	4
OBX2 - Analizar as solucións dun problema usando diferentes técnicas e ferramentas e avaliando as respostas obtidas para verificar a súa validez e idoneidade desde un punto de vista matemático e a súa repercusión global.			1-2	2	4	3	3	
OBX3 - Formular e comprobar conxecturas sinxelas ou expor problemas de forma autónoma, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación para xerar novos coñecementos.	1		1-2	1-2-5			3	
OBX4 - Utilizar os principios do pensamento computacional organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, interpretando, modificando e creando algoritmos para modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos interconectando conceptos e procedementos para desenvolver unha visión das matemáticas como un todo integrado.			1-3	2-3				1
OBX6 - Identificar as matemáticas implicadas noutras materias e en situacións reais susceptibles de ser abordadas en termos matemáticos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicalos en situacións diversas.			1-2	3-5		4	2-3	1
OBX7 - Representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos, información e resultados matemáticos usando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos.			3	1-2-5			3	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Comunicar de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos usando unha linguaxe oral, escrita ou gráfica e utilizando a terminoloxía matemática apropiada, para lles dar significado e coherencia ás ideas matemáticas.	1-3	1	2-4	2-3			3	3
OBX9 - Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza para mellorar a perseveranza na consecución de obxec			5		1-4-5		2	3
OBX10 - Desenvolver destrezas sociais recoñecendo e respectando as emocións e as experiencias dos demais, participando activa e reflexivamente en proxectos en equipos heteroxéneos con roles asignados para construír unha identidade positiva como estudante de matem	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Números naturais. Potencias e raíces.	Sistemas de numeración. Aproximacións. Operacións con números naturais. Potencias. Operacións con potencias. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Xerarquía das operacións. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. Resolución de problemas aritméticos con números naturais e potencias.	7	12	X		
2	Divisibilidade.	Divisibilidade dos números naturais. Múltiplos e divisores dun número. Criterios de divisibilidade. Números primos e compostos. Descomposición en factores primos. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais. Resolución de problemas aplicando os	5	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Divisibilidade.	coñecementos relativos á divisibilidade.	5	8	X		
3	Números enteiros.	Números negativos: significado e utilización en contextos reais. Representación, ordenación na recta numérica e operacións. Potencias de números enteiros con expoñente natural: operacións. Xerarquía das operacións. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. Resolución de problemas aritméticos con números enteiros.	11	18	X		
4	Números decimais	Os números decimais. Ordes de unidades decimais. Representación e ordenación. Aproximacións. Tipos de números decimais. Operacións con números decimais. Xerarquía das operacións. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. Resolución de problemas aritméticos con números decimais.	5	8	X		
5	Fraccións.	Significado das fraccións. Fraccións e decimais. Fraccións equivalentes. Representación e ordenación. Operacións con fraccións. Xerarquía das operacións. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. Resolución de problemas aritméticos con fraccións.	10	17		X	
6	Proporcionalidade directa e porcentaxes.	Razón e proporción. Magnitudes directamente proporcionais. Repartición directamente proporcional. Cálculos con porcentaxes. Aumentos e diminucións porcentuais. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou as variacións porcentuais.	6	10		X	
7	Álxebra. Ecuacións de primeiro grao.	Iniciación á linguaxe alxébrica. Tradución de expresións da linguaxe cotiá á linguaxe alxébrica, ou viceversa. Valor numérico dunha expresión alxébrica. Monomios. Operacións con monomios.	10	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Álxebra. Ecuacións de primeiro grao.	Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita. Resolución de ecuacións de primeiro grao. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas mediante o uso das ecuacións de primeiro grao.	10	18		X	
8	Rectas e ángulos.	Elementos básicos da xeometría do plano. Rectas no plano: paralelismo e perpendicularidade. Ángulos: clasificación. Sistema sexagesimal. Operacións.	3	5			X
9	Figuras xeométrias. Perímetros e áreas.	Figuras planas elementais: triángulo, cadrado e figuras poligonais. Clasificación de triángulos e cuadriláteros. Propiedades e relacións. Circunferencia, círculo, arcos e sectores circulares. Unidades de medida. Sistema métrico decimal. Factores de conversión. Medida e cálculo de ángulos de figuras planas. Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos e clasificación. Aplicación dos contidos da unidade en problemas contextualizados.	11	19			X
10	Gráficas e funcións.	Coordenadas cartesianas: representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados. Concepto de función: variable dependente e variable independente. Formas de presentación dunha función (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula). Interpretación de gráficas que responden a un contexto. Uso das funcións e das súa representacións para obter información relevante. Funcións lineais. Interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da súa ecuación.	6	10			X
11	Estatística.	Poboación e individuo. Mostra. Variables estatísticas. Variables cualitativas e cuantitativas. Elaboración e interpretación de táboas e gráficos estatísticos. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. Representación gráfica de información estatística dada mediante táboas e gráficas. Interpretación da información. Medidas de tendencia central. Utilización de ferramentas tecnolóxicas	6	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Estatística.	para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes.	6	10			X
12	Matemáticas para a vida en sociedade	Trátase dunha unidade transversal que reune os criteiros de avaliación e contidos aocidos ao sentido sociafectivo e que se traballarán ao longo de todo o curso.	20	5	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Números naturais. Potencias e raíces.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de |N e as súas operacións (+, -, x, /, ^ e/ou raíces exactas sinxelas) organizando os datos dados e describindo a xerarquía correcta para a súa resolución.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas de operacións combinadas de |N aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cálculo. - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. - Cantidade. - Identificación, comprensión e representación de cantidades con números enteiros. - Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción). - Sentido das operacións. - Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais. - Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.

Contidos
- Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.

UD	Título da UD	Duración
2	Divisibilidade.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas sinxelos de divisibilidade organizando os datos dados e describindo os pasos para a súa resolución.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas de divisibilidade utilizando a factorización en primos e aplicando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora) cos pasos axeitados.		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes dun problema dado da vida cotiá en cuxa resolución se utilice a factorización en números primos modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cálculo. - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. - Relacións. - Utilización de factores, múltiplos e divisores. Factorización en números primos para resolver problemas, mediante estratexias e ferramentas diversas, incluído o uso da calculadora.

UD	Título da UD	Duración
3	Números enteiros.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de números enteiros e as súas operacións (+, -, x, /) organizando os datos dados e representando a información de modo que permita atopar estratexias para a súa resolución.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas de operacións combinadas de Z aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cálculo. - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. - Cantidade. - Identificación, comprensión e representación de cantidades con números enteiros. - Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números naturais e enteiros, incluída a recta numérica. - Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción). - Sentido das operacións. - Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas. - Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.

UD	Título da UD	Duración
4	Números decimais	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas nos que realiza operacións elementais (+, -, x, /) e ordenación de números decimais organizando os datos dados e representando a información para facilitar a súa resolución.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas de números decimais e operacións elementais aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora)		
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando os números decimais e as súas operacións comunicando correctamente o proceso matemático inherente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cálculo.
- Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números.
- Cantidade.
- Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.
- Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción).
- Sentido das operacións.
- Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais.
- Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.
- Relacións.
- Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente.

UD	Título da UD	Duración
5	Fraccións.	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de operacións elementais (suma, resta, producto ou cociente) e ordenación de fraccións organizando os datos dados e representando a información para facilitar a súa resolución.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas de fraccións e as súas operacións elementais aplicando a xerarquía de operacións e usando a estratexia adecuada segundo o tamaño dos números(mental, lapis e papel ou calculadora)		
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando fraccións comunicando correctamente o proceso matemático inherente		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cálculo.
- Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números.
- Cantidade.
- Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.
- Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción).
- Sentido das operacións.
- Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais.
- Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.
- Relacións.
- Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente.

UD	Título da UD	Duración
6	Proporcionalidade directa e porcentaxes.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas sinxelos de proporcionalidade recoñecendo magnitudes directamente proporcionais e elaborando representacións de razóns e proporcións en relacións cuantitativas.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas sinxelos de proporcionalidade directa calculando a constante de proporcionalidade e aplicando a extratexia apropiada (razón de proporcionalidade ou porcentaxes).		
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando proporcións ou porcentaxes comunicando correctamente o proceso.		
CA1.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias (tecnoloxía), recoñecendo a achega da proporcionalidade ao progreso da humanidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cálculo. - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. - Razoamento proporcional. - Comprensión e representación de razóns e proporcións en relacións cuantitativas. - Recoñecemento de magnitudes directamente proporcionais. Cálculo e significado da constante de proporcionalidade directa. - Comprensión e utilización de porcentaxes na resolución de problemas.

UD	Título da UD	Duración
7	Álxebra. Ecuacións de primeiro grao.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema.	Comproba sen resolver a corrección das solucións dunha ecuación lineal.	PE	100
CA4.2 - Comprobar a validez das solucións dun problema e elaborar respostas coherentes no contexto exposto, avaliando o seu alcance e a súa repercusión desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable etc.).	Comprobar a validez das solucións de ecuacións lineais segundo o contexto do problema. Fai unha análise crítica da solución desde distintas perspectivas.		
CA4.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Busca a partir dunha relación entre dúas variables dadas (variable dependente e independente), variables novas que garden a mesma relación.		
CA4.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Realiza correctamente as operacións elementais con polinomios.		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Calcula a expresión alxébrica dunha ecuación lineal a partir dun enunciado. Resólvea e interpreta o resultado obtido.		
CA4.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Identifica e traduce a linguaxe alxébrica (expresións alxébricas ou ecuacións) unha situación da vida real.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Modelo matemático.
- Tradución de expresións da linguaxe cotiá que representan situacións reais á linguaxe alxébrica, e viceversa. Cálculo do valor numérico dunha expresión alxébrica.
- Uso de modelos matemáticos para representar e comprender situacións da vida cotiá.
- Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.
- Variable.
- Comprensión do concepto de variable. Variable dependente e independente.
- Igualdade e desigualdade.
- Uso da álxebra simbólica para representar relacións lineais en situacións da vida cotiá.
- Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais.
- Procura de solucións de ecuacións lineais. Contextualización das devanditas solucións.
- Uso da tecnoloxía para comprobar as solucións dunha ecuación.
- Pensamento computacional.
- Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.
- Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.

UD	Título da UD	Duración
8	Rectas e ángulos.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Constrúe figuras planas con lapis e papel, con ferramentas manipulativas e con ferramentas dixitais.	PE	100
CA3.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas relacionados con distancias e ángulos de figuras planas.		
CA3.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Clasifica correctamente os tipos de figuras planas e identifica os seus elementos característicos (ángulos, rectas e puntos notables).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Descrición de figuras planas e dos seus elementos característicos: ángulos, rectas e puntos notables. - Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.

UD	Título da UD	Duración
9	Figuras xeométrias. Perímetros e áreas.	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica as magnitudes en cada situación e relacionaas coas súas unidades de medida.	PE	100
CA2.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Emprega correctamente os factores de conversión para as operacións en problemas que impliquen medidas. Interpreta e aplica as principais fórmulas para obter lonxitudes e áreas en formas planas.		
CA2.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Calcula perímetros e áreas de figuras a partir de perímetros e áreas doutras figuras dadas.		
CA2.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Emprega o teorema de Pitágoras para o cáculo de perímetros e de áreas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Fai estimacións de medidas coa precisión adecuada.		
CA3.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Constrúe figuras planas con lapis e papel, con ferramentas manipulativas e con ferramentas dixitais.		
CA3.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas relacionados con distancias e ángulos de figuras planas.		
CA3.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Clasifica correctamente os tipos de figuras planas e identifica os seus elementos característicos (ángulos, rectas e puntos notables).		
CA3.7 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Constrúe diferentes figuras xeométricas con ferramentas dixitais para relacionar os seus perímetros e áreas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Magnitude. - Recoñecemento das magnitudes e das súas diferentes unidades de medida. Uso dos factores de conversión. - Elección das unidades e operacións adecuadas en problemas que impliquen medida. - Estimación de medidas coa precisión adecuada a cada situación. - Medición. - Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter lonxitudes e áreas en formas planas. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Descrición de figuras planas e dos seus elementos característicos: ángulos, rectas e puntos notables. - Clasificación das figuras xeométricas planas en función das súas propiedades ou características. - Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.

UD	Título da UD	Duración
10	Gráficas e funcións.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Representa correctamente pares de coordenadas nun sistema de coordenadas e tamén calcula as coordenadas de puntos do plano.	PE	100
CA3.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Fai predicións a partir da gráfica ou da ecuación dunha función lineal.		
CA3.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Representa funcións doutras materias, como por exemplo a ecuación do movemento rectilíneo uniforme e interprétaa.		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Identifica as funcións lineais e non lineais. Estuda as propiedades relevantes das funcións a partir das táboas e gráficas.		
CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Modeliza as relacións lineais en situacións da vida real e representa a recta a partir da súa ecuación.		
CA4.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Usa software específico para a construción de gráficas e como apoio para xustificar os razoamentos dun problema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Localización e sistemas de representación.
- Localización e descrición de relacións espaciais: coordenadas cartesianas e outros sistemas de representación. Uso de ferramentas tecnolóxicas.
- Modelo matemático.
- Uso de modelos matemáticos para representar e comprender situacións da vida cotiá.
- Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.
- Variable.
- Comprensión do concepto de variable. Variable dependente e independente.
- Igualdade e desigualdade.
- Uso da álxebra simbólica para representar relacións lineais en situacións da vida cotiá.
- Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais.
- Relacións e funcións.

Contidos
- Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación lineal. Coordenadas cartesianas. - Identificación de funcións, lineais ou non lineais e comparación das súas propiedades a partir de táboas, gráficas ou expresións alxébricas. - Modelización das relacións lineais en distintas situacións da vida real. - Representación da recta a partir da súa ecuación en problemas contextualizados. - Uso da álxebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas. - Dedución da información relevante dunha función mediante o uso de diferentes representacións simbólicas. - Pensamento computacional. - Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións. - Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos. - Uso de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.

UD	Título da UD	Duración
11	Estatística.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica e fai propostas de variables cualitativas e cuantitativas. Pón exemplos de poboación, mostra e individuo.	PE	100
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Organiza os datos dados dunha variable unidimensional e constrúe a táboa de frecuencias.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e calcula correctamente as medidas de centralización.		
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Interpreta a táboa de frecuencias dunha variable unidimensional e aplica conexións dos datos co mundo real.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Resolve problemas de estatística con aplicación ás Ciencias Socias ou a Economía e analiza de forma crítica a achega da estatística a esas materias.		
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Organiza os datos dados de forma gráfica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Elixe a representación gráfica adecuada para describir os datos dados.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística sinxela recollida en medios de comunicación e outros ámbitos. Emprega a linguaxe estatística con precisón e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Organización e análise de datos. - Concepto de poboación, mostra e individuo. Variables cualitativas e cuantitativas. - Recollida, organización e tratamento de datos de variables unidimensionais. Frecuencias. - Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas e cuantitativas en contextos da vida real. - Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas a cada caso para visualizar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. Uso de procedementos manuais e tecnolóxicos (calculadora, folla de cálculo, programas informáticos - Medidas de centralización: interpretación e cálculo. - Uso da calculadora e outras ferramentas tecnolóxicas para o cálculo analítico das medidas de centralización, así como a súa interpretación en situacións da vida real.

UD	Título da UD	Duración
12	Matemáticas para a vida en sociedade	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe, como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Unha metodoloxía baseada na resolución de problemas faise imprescindible para desenvolver capacidades como a comprensión e o emprego das diferentes linguaxes matemáticas, a análise de datos, a formulación, comprobación e aceptación ou rexeitamento de hipóteses, o deseño, emprego e contraste de estratexias, a toma de decisións, etc. Ademais, é resolvendo problemas que traten situacións reais, onde os conceptos e métodos estatísticos e numéricos empregados mostran tanto a súa potencia como a súa relevancia.
Así para o desenvolvemento da materia proponse:
- Dar prioridade á comprensión fronte ó mecanismo, sen esquecer a presenza deste en diversos apartados da actividade matemática.
- Empregar un libro de texto como eixo vertebrador do proceso de ensinanza.
- Empregar a aula virtual como ferramenta de traballo que facilita a comunicación co alumnado. Os /as alumnos/as serán matriculados no curso da aula virtual correspondente á materia de Matemáticas.
- A miúdo, e antes de empezar a exposición dos contidos teóricos, comezar pola presentación de problemas que se dean na vida real para, a partir da busca de solucións, seguir coas explicacións do/a profesor/a dos aspectos teóricos máis importantes do tema e finalmente a posta en práctica individual ou en grupo, empezando con actividades sinxelas e incrementando o grao de dificultade segundo as características do alumnado.
- Segundo os resultados propor actividades de reforzo ou de ampliación.

- Inculcar que o alumnado valore a coherencia das súas respostas con respecto ao enunciado dun exercicio ou problema.
- Prestar especial atención a que o alumnado vaia adquirindo rigor á hora de expoñer a resolución dos exercicios e problemas, indicando claramente cada paso e expresando correctamente os resultados na linguaxe adecuada atendendo ao enunciado.
- Fomentar a reflexión persoal do aprendido con actividades nas que o/a alumno/a poida usar os novos coñecementos, comprobando así a utilidade dos mesmos e gozando do proceso da aprendizaxe. Consideramos importante tamén facer fincapé na reflexión sobre os resultados propiciando unha aprendizaxe por ensaio-erro.
- Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións.
- Resolver problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente, incluíndo a aplicación da matemática á vida cotiá.
- Fomentar o diálogo na clase, a discusión entre o profesor e os/as alumnos/as, e entre eles mesmos, tendo en conta que tódalas preguntas e respostas aínda que sexan incorrectas ou non se axusten ás expectativas do/a profesor/a, poden conducir a un frutífero debate e a unha mellor comprensión por parte do alumnado e a eliminar interpretacións erróneas específicas. A aprendizaxe debe ser participativa en todo momento.
- Para a resolución dun problema abordar os seguintes pasos: análise do problema e emisión de hipóteses, busca de estratexias, resolución e comprobación das hipóteses. O profesor axudará ós/ás alumnos/as a entender en cada momento como deben aplica-los conceptos e destrezas que están aprendendo e como usalos na resolución de problemas.
- Fomentar o uso das tecnoloxías da información como ferramentas que favorecen, simplifican e clarifican a transmisión de información.
- Empregar materiais, procedementos de resolución e dinámicas de traballo variados, co fin de manter a atención e evitar a monotonía.
- En todos os bloques nos que se estrutura o curso, os/as alumnos/as deberán realizar na súa casa actividades de reforzo que axuden a consolidar os coñecementos adquiridos na clase.
- Empregar as tecnoloxías da información e comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción.

A posta en práctica das pautas metodolóxicas sinaladas anteriormente concrétase a continuación:
- A exposición dos contidos teóricos e dos exercicios prácticos farase na aula empregando diferentes recursos como explicacións na pizarra, libro dixital, vídeos didácticos, páxinas web, ...
- Seleccionaranse exercicios e problemas para realizar na aula de modo que o alumnado poda aplicar e poñer en práctica os contidos traballados e poder así detectar erros nas aprendizaxes adquiridas.
- Marcarase algún exercicio e problema para realizar na casa cando os realizados na aula non se consideren suficientes para afianzar os contidos.
- Poderanse propoñer exercicios e problemas de reforzo ou ampliación dalgunha parte dos contidos impartidos segundo as necesidades de cada alumno/a.
- Tratarase de fomentar a autonomía do alumnado á hora de estudar e corrixir os exercicios e problemas, proporcionándolles ferramentas que favorezan este proceso: documentos coa resolución explicada paso a paso que podan consultar na aula virtual, boletíns de exercicios de repaso coas solucións, uso de ferramentas tecnolóxicas como a calculadora, follas de cálculo, programas informáticos, ...
- Realizaranse cuestionarios con exercicios e problemas básicos sobre a materia impartida para valorar o seguimento da mesma por parte do alumnado. Estas poderán ser tarefas para facer na aula e entregar ou para facer na casa e enviar a través da aula virtual ou do correo electrónico.
- As probas escritas realizaranse na aula nas datas acordadas co alumnado.
- O traballo que o alumnado deberá realizar nos períodos de non asistencia a clase será presentado a través da aula virtual do IES. A comunicación co alumnado e o envío de tarefas realizarase a través da propia aula virtual e/ou o correo electrónico. O alumnado deberá entregar o traballo realizado a través da aula virtual, do correo electrónico ou presencialmente cando volva a clase.
- As actividades a realizar nos períodos non presenciais consistirán en:

1. Lectura comprensiva de pequenos documentos ou visualización comprensiva de pequenos vídeos ou presentacións coa exposición teórica ou exemplos prácticos explicados paso a paso dos contidos que serán traballados logo na aula en modo presencial.
2. Realización de exercicios e problemas de repaso ou reforzo da materia xa traballada na aula en modo presencial. Tratarase de fomentar a autonomía do alumnado á hora de estudar e corrixir as tarefas, proporcionándolles ferramentas que favorezan este proceso: documentos coa resolución explicada paso a paso, boletíns de exercicios coas solucións, uso de ferramentas tecnolóxicas como a calculadora, follas de cálculo, programas informáticos, ...
3. Cuestionarios con exercicios e problemas básicos sobre os contidos xa traballados para valorar o seguimento da materia por parte do alumnado.

- No caso do alumnado con problemas de conectividade empregaranse nos períodos non presenciais os medios ofertados polo IES para tales situacións.
- Nos períodos presenciais o traballo na aula consistirá en por en práctica os contidos xa introducidos coa realización de actividades de aprendizaxe significativa e resolución de dúbidas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Dotación da aula (encerado, pupitres, pizarra dixital, ordenador,...)
Libro de texto da editorial Anaya.
Caderno da materia
Calculadora científica
Aula virtual do IES
Vídeos didácticos.
Vídeos titorial con explicacións de exercicios e problemas
Materiais manipulativos (en xeometría ou estatística por exemplo)
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Cuestionarios con exercicios para comprobar o seguimento da materia por parte do alumnado
Boletíns de exercicios e problemas con solucións para practicar e detectar erros de aprendizaxe
Documentos con resumos dos contidos de unidades didácticas
Documentos con resolucións completas e explicadas paso a paso de exercicios
Boletíns de exercicios para entregar
Webex para vídeo conferencias
Figuras dos diferentes corpos xeométricos
Material de debuxo técnico para xeometría

As clases poderán ser na aula normal do grupo, ou nas aulas de informática ou multimedia, segundo as posibilidades do centro e os contidos ou prácticas que se queiran traballar. Así poderanse empregar tamén:
- Algunha aplicación Informática como Folla de cálculo Excel, Descartes, GeoGebra ...
- Páxinas Web para a explicación de contidos ou realización de exercicios complementarios ás unidades.
- Proxección de películas de vídeo.
- Pizarra dixital.

Ademais estará a disposición dos/as alumnos/as toda a bibliografía, documentación e outros recursos existentes no centro (departamento, biblioteca, etc...).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase unha avaliación inicial na primeira semana do curso que consistirá en:
- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior e dos informes facilitados polo Departamento de Orientación. Tamén se terán en conta as conclusións ás que chegue a xunta avaliadora nas avaliacións iniciais.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior e a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das competencias clave.
- Coñecemento personalizado do alumnado. Realizarase para isto unha proba escrita coa que se pretende obter información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias clave .

En base aos resultados obtidos se adecuarán as ensinanzas da materia ao alumnado para así facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe.
Tomaranse decisións personalizadas sobre todo respecto a alumnos/as con necesidades especiais.
Aos alumnos/as con problemas graves de aprendizaxe faráselle unha ACS. Elaborarase material adaptado ao nivel da ACS que será o que este alumnado empregue tanto nas clases ordinarias como nas clases de apoio co profesional terapéutico.
Se tivésemos alumnado con altas capacidades, daráselle material de ampliación co que poida desenvolvelas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**
Peso UD/ Tipo Ins.	**7**	**5**	**11**	**5**	**10**	**6**	**10**
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	**UD 8**	**UD 9**	**UD 10**	**UD 11**	**UD 12**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**3**	**11**	**6**	**6**	**20**	**100**
Proba escrita	100	100	100	100	0	**80**
Táboa de indicadores	0	0	0	0	100	**20**

Criterios de cualificación:

Empregaranse os seguintes Procedementos e Instrumentos de avaliación:
* Táboas de indicadores:
- Observación sistemática e rexistro a través de Listas de control para facer unha análise sistemática e continuada das tarefas realizadas na clase e na casa. A través dun Diario de clase valorarase a frecuencia coa que cumpran as tarefas adecuadamente e supervisarase o seguimento e aproveitamento da materia.
- Análise da produción dos/as alumnos/as a través de Cuestionarios sobre o seguimento da materia para comprobar o traballo do alumnado e o grao de consecución das aprendizaxes.
* Probas escritas específicas e obxectivas.

- Controis: En cada Avaliación faranse probas escritas sobre a Resolución de exercicios e problemas referidos aos estándares de aprendizaxe de cada tema ou parte de tema, co obxecto de avaliar cada pouco tempo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e poder tomar canto antes as medidas axeitadas para corrixir os erros que se detecten.
- Exame Final de Avaliación: Ao final de cada Avaliación farase unha proba escrita sobre a Resolución de exercicios e problemas dos contidos mínimos e das competencias básicas da materia traballados dende o principio de curso. Para que os/as alumnos/as reforcen, repasen e preparen este Exame Final de Avaliación, se lles facilitará material de apoio e complementario ao que xa se traballou nas clases no seu momento, en forma de boletíns de exercicios sobre eses contidos mínimos.
- Exame Final de Curso: Ao final de curso farase unha proba escrita sobre a Resolución de exercicios e problemas dos contidos mínimos e das competencias básicas da materia traballados dende o principio de curso, para o alumnado que teña a materia suspensa e a que tamén poderán presentarse os/as alumnos/as que teñan a materia aprobada pero queiran mellorar a súa Nota Final de curso.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, as competencias clave, os obxectivos da etapa, os contidos e os criterios de avaliación. Aplicarase os seguintes Criterios de Cualificación:

- En cada Avaliación coas notas dos Controis farase unha media aritmética e esta nota media suporá o 30 % da nota da Avaliación.
- A nota do Exame Final de Avaliación suporá o 50 % da nota da Avaliación.
- Valoraranse nun 10 % os Cuestionarios sobre o seguimento da materia recollidos na Avaliación.
- Valoraranse nun 10 % as Listas de control sobre o traballo do alumnado recollidas no Diario de clase referido a cada Avaliación.
- Para superar a materia o/a alumno/a debe acadar unha nota de avaliación mínima de 5 atendendo aos criterios antes expostos.
- A Nota Final de curso será, no caso de ter aprobada a 3ª avaliación e/ou o Exame Final de curso, o máximo entre 5 e a seguinte media ponderada, no caso de ter suspensa a 3ª avaliación e o Exame Final de curso será a seguinte media ponderada:

20 % Nota Final da 1ª Avaliación
30 % Nota Final da 2ª Avaliación
50 % Nota Final da 3ª Avaliación

Collerase a mellor Nota Final de curso entre a obtida despois da 3ª Avaliación e a obtida ao substituír a cualificación do Exame Final da 3ª Avaliación pola obtida no Exame Final de Curso.

Criterios de recuperación:

- A avaliación será continua, de forma que si se supera con éxito unha Avaliación enténdese que a materia está aprobada ata ese momento. Polo contrario, si se suspende unha Avaliación, a materia estará suspensa ata ese momento e quedará pendente de ser aprobada na próxima Avaliación.
- Se a 3ª Avaliación resulta aprobada, enténdese que ten aprobada a materia.
- Se algún alumno/a non superase a materia na 3ª Avaliación, deberá presentarse ao Exame Final de Curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os/as alumnos/as que teñan a materia de Matermáticas de 1º de ESO pendente seguirán o seguinte plan de traballo:

- Ao inicio de curso o docente de Matemáticas dará ao alumnado que teña a materia pendente a información e o material que precisarán para recuperala.
- A materia dividirase en dúas partes.
- Ao longo do curso entregaráselles ao alumnado coa materia pendente un boletín de exercicios de repaso de cada unha das partes en que se lles divide a materia. Estes exercicios deberán ser feitos polo alumnado e deberán entregalos ao docente que lles imparte clase de Matemáticas, segundo as datas establecidas. Non se recollerán exercicios fóra da data fixada.
- Unha vez corrixidos os exercicios entregados, estes serán devoltos ao alumnado para que poidan autoavaliarse.
- Farase un exame de cada parte da materia pendente nas datas establecidas. Este exame

constará de exercicios similares ós do boletín. É necesario que o alumnado obteña neste exame unha nota mínima de 5 para superar a materia da parte correspondente. A realización desta proba será de forma presencial.

- Se o/a alumno/a non aproba o exame da primeira parte, terá que avaliarse no segundo exame de toda a materia, debendo obter neste exame unha nota mínima de 5 para recuperar a materia pendente.
- A Nota Final de curso será a media aritmética das notas obtidas en cada parte ou de ser o caso, a nota obtida no exame de toda a materia.
- Na cualificación final da materia pendente primará ter aprobadas as probas escritas, aínda que se valorarán os exercicios entregados así como a evolución do/a alumno/a no curso actual.

6. Medidas de atención á diversidade

A presenza nas aulas dun alumnado con inquedanzas moi dispares e con capacidades, habilidades, coñecementos e actitudes tan diferentes supoñen un auténtico desafío para o profesorado e tamén para o sistema educativo. Os problemas que tal diversidade de intereses e capacidades plantexan déixanse sentir con máis intensidade se cabe na materia de Matemáticas pola dificultade que por si mesma encerra.
Dentro do marco xurídico-administrativo no que nos movemos e, como profesores/as, temos que facer o posible por atender o mais eficazmente que poidamos a todos os/as alumnos/as, facendo compatible esta atención co desenrolo dunha programación que trate de acadar os obxectivos que se esablecen a través da consecución dos criterios de avaliación e das competencias clave marcados na materia.
A atención á diversidade contemplarase dende diferentes puntos de vista:
Medidas extraordinarias:
- Tendo en conta a Avaliación Inicial e en colaboración co Departamento de Orientación, detectaranse os casos de alumnado que precisen unha ACS. Para este alumnado elaboraranse actividades e empregarase a metodoloxía adecuadas ao nivel da ACS para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa estima persoal. Avaliaranse con procedementos, instrumentos e criterios de avaliación adaptados tendo en conta a súa Adaptación Curricular.

Medidas ordinarias:
- No grupo de referencia a atención á diversidade procurará detectar as distintas necesidades educativas ou velocidades de aprendizaxe para deseñar actividades de reforzo ou de ampliación de xeito que se asegure un nivel mínimo a todo o alumnado ao final do curso e dando oportunidade aos alumnos/as máis avantaxados a afondar na materia.
- Outras medidas serán tidas en conta, en colaboración co Departamento de Orientación, en casos concretos como alumnado estranxeiro, alumnado con discapacidades físicas ou psíquicas,...

A todos os niveis estará presente a atención á diversidade dende o punto de vista metodolóxico a través das seguintes accións:
- Detectar os coñecementos previos do/a alumno/a antes de empezar un tema para detectar aqueles que requiran actividades compensatorias nas que desempeñará un papel importante o traballo en situacións concretas.
- Procurar que os contidos matemáticos novos que se ensinan conecten cos coñecementos previos e sexan adecuados ao nivel cognitivo do alumnado.
- Intentar que a comprensión do/a alumno/a de cada contido sexa suficiente para unha mínima aplicación e para enlazar cos contidos que se relacionan con el.
- En cada unidade didáctica as actividades propostas irán en orde crecente de dificultade, comezando con actividades de reforzo, a continuación actividades de nivel medio de dificultade para o desenrolo dos contidos e rematando con actividades de afondamento e ampliación de contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Rally matemático	Valorarase a participación do alumnado nesta actividade			X
Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos	Organizado por SGAPEIO			X

Observacións:
Valorarase a posibilidade de participación dos/as alumnos/as de 1º da ESO no Rally Matemático organizado por Igaciencia ou no concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos organizado pola Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación Operativa (SGAPEIO), segundo as características dos grupos e do alumnado.
Valorarase tamén a asistencia a conferencias, exposicións, visitas, talleres e outras actividades de interese matemático para os/as alumnos/as que poidan xurdir ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programo a materia tendo en conta os criterios de avaliación previstos nas leis educativas
Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta
Selecciono e secuencio de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes
Informo sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas
Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas
Realizo a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado
Impartíronse todos os contidos programados

Metodoloxía empregada
Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade
Uso distintos instrumentos de avaliación
Cando introduzo conceptos novos, relaciónoos, se é posible, cos xa coñecidos, intercalo preguntas aclaratorioas, poño exemplos...
Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída cos estudantes
Presento actividades que permitan a adquisición dos contidos e as destrezas propias da etapa educativa
Reviso, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela
Proporciono a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas
Ofrezo ao alumno o resultado das probas e traballos e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes
Propoño novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando este non foron alcanzados suficientemente
Propoño novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planifico as clases de modo flexible, preparo actividades e recursos axustado á programación da aula e as necesidades e aos intereses do alumnado
Utilizo axuda audiovisual o doutro tipo para apoiar os contidos na aula
Medidas de atención á diversidade
Atendo adecuadamente á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Consigo espertar o interese do alumnado
Estimulo a participación activa dos estudantes na clase
Outros
Teño predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado, tal e como nos indica o decreto 156/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV), hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro".
Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue:
1: Nunca, non, insatisfactoriamente
2: Ás veces, puntualmente
3: Case sempre, frecuentemente
4: Sempre, si satisfactoriamente

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Entre as funcións do profesorado inclúese a avaliación do proceso de ensinanza, tarefa que ha de levarse a cabo baixo o principio de colaboración e a través de traballo en equipo.
Faise así necesaria unha avaliación da proposta educativa recollida na programación didáctica co fin de reflexionar sobre a adecuación da mesma. Esta avaliación será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso e terá un carácter continuo e formativo para facilitar a toma de decisións e poder introducir modificacións que permitan a mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
Fíxanse os seguintes criterios para avaliar se a programación se adapta ao contexto da LOMLOE e á realidade educativa do noso alumnado:
-Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada materia son adecuados ao nivel correspondente e contribúen a adquisición das competencias clave establecidas no currículum.
- Os objetivos e contidos de cada materia se adaptan ás características dos alumnos.
-Os criterios de avaliación están ben relacionados cos obxectivos e as competencias clave.
-O grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación é adecuado.
-A secuenciación das unidades e dos criterios de avaliación dentro de cada unidade didáctica é adecuada.
-A temporalización é adecuada.
-O desenvolvemento da programación responde á secuenciación e a temporalización previstas.
-A metodoloxía empregada é variada e eficaz para acadar os contidos.
-Os materiais e recursos didácticos son adecuados
-Os procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces.
-Os criterios de cualificación son adecuados.
-Os criterios establecidos para a recuperación son adecuados.
-Contémplanse estratexias didácticas diversas para atender á diversidade do alumnado.
-O programa de recuperación das materias pendentes é adecuado.
-As actividades complementarias e extraescolares previstas son adecuadas.
-Os mecanismos para informar ás familias son adecuados.
-A revisión e actualización da programación coas melloras introducidas durante o curso lévase a cabo.
Nas reunións que fará o departamento estudiarase o seguimento dos puntos anteriores e en cada caso faranse as correccións necesarias.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 3

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 4

4.1. Concrecións metodolóxicas 6

4.2. Materiais e recursos didácticos 6

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 7

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 7

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 8

6. Medidas de atención á diversidade 8

7.1. Concreción dos elementos transversais 8

7.2. Actividades complementarias 9

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 9

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 10

9. Outros apartados 10

1. Introdución

Como establece o c DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. a materia de Proxecto Competencial configurarase como un proxecto interdisciplinario con actividades que reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.
Deste xeito, o proxecto no que traballaremos neste curso terá a finalidade de desenvolver a capacidade de xestión emocional do alumnado, mellorar a súa autoestima e contribuir a que creen vínculos baseados na empatía e o respeto.
Esta programación para o curso 2023/2024 está moi relacionada coa actividades de que se levan facendo anos neste IES, xa que somos formamos parte da rede UNESCO, temos un equipo de mediación e un seminario permanente de transversalidade. Desde todos estes frentes traballamos conxuntamente a xestión emocional, a autoestima e a empatía como mecanismos base para a convivencia no Centro.
Ao contar con tres grupos de 1º ESO nos que imparte a mesma persoa resultará moi doado coordinar as súas actuacións.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Emocións Básicas	Partindo dos coñecementos previos do alumnado afondaremos nas emocións, e a	35	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Emocións Básicas	súas pegadas nas nosas vidas, facendo fincapé na necesidade de xestionalas.	35	14	X		
2	Autoestima	Traballaremos o seu autoconcepto e a súa autoestima.	30	9		X	
3	Escoita activa e asertividade	Estudiaremos as características da linguaxe pasiva, asertiva e agresiva, valorando a importancia da asertividade na resolución de conflictos e os bos tratos.	35	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Emocións Básicas	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Reflexionar sobre como as emocións inflúen nas decisións que tomamos, e o necesario dunha boa xestión delas.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización das actividades propostas.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a elaboración do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar indicencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	Autoestima	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Escoita activa e asertividade	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar as actividades realizadas.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación que deban facer.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto:" A xestión emocional e o comportamento asertivo como ferramentas para mellorar a nosa calidade de vida e os nosos vínculos e relacións.

OBXECTIVO XERAL:
Mellorar a xestión emocional , a autoestima e a capacidade de relacionarse coas demais persoas.
AGRUPAMENTOS:
Para levar a cabo este proxecto o alumnado traballarán de manera cooperativa en grupos de 3/4 persoas que irán cambiando en función da fase do proxecto na que nos atopemos. Na organización dos grupos se terá en conta a variedade de capacidades dos membros do mesmo para se podan axudar os uns aos outros. En cada grupo haberá sempre un portavoz que organizará o traballo da sesión e se encargará de comunicar á/ao profesor as dúbidas ou suxestións do mesmo. Ademais deste traballo por grupos tamen faremos dinámicas en gran grupo, actividades de escoita activa e de consciencia corporal en gran grupo. Estas actividades irán acompañadas de posta en común ao remate das mesmas.

PRIMEIRA AVALIACIÓN
Despois da avaliación inicial na que mediremos o nivel de coñecementos previos que o alumnado ten sobre as súas emocións e o que estas axudan ou entorpecen a súa forma de relacionarse, comezaremos a familiarizarnos coas distintas emocións e as súas maneiras de materializarse no corpo (como sensacións físicas).
Traballaremos a importancia de recoñecer as emocións no noso corpo de maneira rápida para poder xestionar esta emoción e conseguir que esta traballe no noso favor e non na nosa contra.
Estudaremos as diferenzas entre emocións, sentimentos e estados de ánimo.
Para traballar estes temas faremolo traballando en grupos e facendo, dinámicas sempre acompañadas de posta en común.
SEGUNDA AVALIACIÓN.
Continuaremos afondando nas emocións e a súa xetión pero entraremos xa no autoconcepto e a autoestima.
Neste trimestre o traballo centraráse en desaprender todas as mensaxes negativas que teñen sobre si mesmos e substituilos por mensaxes positivos.
Tamen nesta ocasión faremos traballo por grupos, dinámicas en gran grupo e posterior posta en común para ir afondando na importancia de unha boa autoestima.

TERCEIRA AVALIACIÓN
Nesta avaliación traballaremos a empatía, para esto falaremos da diferencia entre un discurso pasivo, asertivo ou agresivo afondando na importancia da asertividade.
Introduciremos as mensaxes eu, e a relevancia que ten empregar esta linguaxe a hora de comunicarnos cos demais persoas. como un pilar básico para xerar empatia.
Falaremos das relacións entre iguais e faremos concienciación sobre a importancia dos bos tratos.
Nesta ocasión faremos tamen traballo por grupos, dinámicas en gran grupo e posterior posta en común para ir afondando na importancia de unha boa autoestima.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto Edixgal), caderno do alumno, obxectos de papelería (cartulinas, rotuladores,...) e guías de Pontevedra.

Para o traballo cotiá na aula o alumnado organizarase en grupos e traballaremos sentados no chan ou en cadeiras, ou nas colchonetas para traballar consciencia corporal.. Esta aula consta de encerado de tiza e pizarra dixital con proxector, colchonetas, balóns e materiais variados de educación física. A profesora traerá o material funxible necesario segundo a fase do proxecto que se esté a desenvolver. Nalgunhas das sesións empregaremos outros espazos do centro para exposicións ou entrevistas tales coma a biblioteca ou corredores.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.
Asimesmo, avaliaremos o grao de coñecementos que o alumnado ten sobre as súas emocións, como as xestionan, como se ven a si mesmos e o xeito no que se relaciona cos seus diferentes vínculos.
Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**35**	**30**	**35**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

Os procedementos de avaliación para cada fase do proxecto son:
Nas tres avaliacións se empregará o mesmo método de avaliación:
Participación en clase: 80%
Proba escrita: 20%
A nota da avaliación final de xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

En caso de que o alumnado non consiga aprobar algunha avaliación podera recuperala facendo unha proba escrita ou presentando e expoñendo un traballo sobre a temática traballada na avaliación para os seus compañeiros e compañeiras.
De igual xeito, no caso de que a media aritmética das tres avaliacións parciais sexa inferior a 5 puntos, este/a alumno/a non terá a materia superada. Antes da realización da avaliación final, este alumnado poderá recuperar a materia realizando unha proba escrita global, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. Deberá acadar unha nota de 5 puntos ou superior para poder aprobar a materia na avaliación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo as actividades serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.
Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X
ET.10 - Respecto mutuo	X	X	X
ET.11 - A cooperación entre iguais	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:
- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Faremos unha saída conxunta co alumnado dos tres primeiros e os dos segundos da ESO	Práctica de todo o traballado durante o curso, e para establecer vínculos novos entre o alumnado dos distintos grupos de xeito respetuoso.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel do alumnado ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.
O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Ao traballar os mesmos descriptores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinariedad e o traballo por ámbitos.
Nos propios saberes recóllese a relación de con outras disciplinas especialmente Lingua, Historia, Xeografía, Educación Plástica e Visual, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Nadal Solidario	Campaña de recollida de alimentos e xoguetes para Cáritas	X		
Actividades relacionadas cos días conmemorativos do centro	Xornada declaración dos dereitos Humanos, Día do libro, día da paz...	X	X	X
Saída didáctica: VIaxar e aprender	Saída didáctica a algunha cidade			X

Observacións:
Pretendemos que estas actividades potencien o desenvolvemento académico e cultural dos nosos alumnos, pois estas viaxes outorgan aos mesmos a ampliación dos seus coñecementos e fomentan actitudes de convivencia e relación entre compañeiros, xerando valores e actitudes específicos da súa educación e da súa formación como persoas.
1º.- Posibilidade de coñecemento, relación e compañerismo, e intercambio de experiencias, entre alumnos/as de distintos cursos .
2º.- A amplitud de coñecementos que cada viaxe cultural outorga aos nosos alumnos/as
3º Favorecer a convivencia e integración dos alumnos/as, creando espazos para cultivar os valores de a amizade, a tolerancia, o tempo libre, a ecología, a solidariedade.
4º.- Enriquecimiento mutuo entre alumnos/as que optaron por estudar e profundar no coñecemento, nos valores que o feito cultural cristián outorga ao ser humano
5º.- Coñecer, valorar e respectar o patrimonio relixioso, artístico e cultural da nosa cidade, da nosa Comunidade Autónoma e doutras cidades e pobos da nosa xeografía española.
6º.- Desenvolver o coñecemento, a sensibilidade e o gusto ante as manifestacións da arte relixiosa que enriquecen o patrimonio universal.
7º.- Potenciar unha actitude de respecto, valoración e diálogo coas demais persoas de diversas culturas, mentalidades e cosmovisiones, para lograr unha convivencia social en paz e concordia.
Estas viaxes culturais realizarémolos, no segundo ou terceiro trimestre, cos nosos alumnos, porcursos que permitan facer máis factible a realización dos mesmos e así como a adecuación do gasto económico aos alumnos/as.

AS ACTIVIDADES PROGRAMADAS PUIDESEN VARIAR NO SEU DESTINO E DATA, EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES ACADÉMICAS DOS ALUMNOS, AÍNDA QUE SE PROCURARÁ,
RESPECTALAS EN TODO O POSIBLE, PARA A MELLOR ORGANIZACIÓN DO INSTITUTO E
DO PROPIO DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Programación
Planificación da situación de aprendizaxe
Avaliación

Descrición:

Se a programación se axústa ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vincula este curso co perfil de saída, os descriptores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

A estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais, planificouse a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descriptores operativos das competencias crave e buscou o diálogo curricular con outras materias, sies adecuada aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

Se reflexionei e avaliei o meu labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos
contidos, na metodoloxía) cando foi necesario, se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais,), se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguemento a través da aplicación Proens. Como o departamento é unipersoal e non hai que coordinarse con mais profesorado, o segemento farase ao remate de cada trimestre completando os datos que aparecen na aplicación. Os datos recollidos no seguemento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión evanxélica	1º ESO	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 8

4.2. Materiais e recursos didácticos 10

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 10

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 11

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 12

6. Medidas de atención á diversidade 12

7.1. Concreción dos elementos transversais 14

7.2. Actividades complementarias 14

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 15

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 16

9. Outros apartados 16

1. Introdución

Có fin de levar a cabo actuacións coherentes é preciso planificar todo proceso ou actividade que pretenda rematarse con éxito. O obxectivo do presente documento é ser ese plan de actuación que permita ao docente prever os medios a as accións necesarias para conseguir as metas propostas no proceso de ensino-aprendizaxe. Así, a continuación desenvólvese a concreción curricular para a materia de Relixión Evanxélica no IES Luis Seoane en Monteporreiro.. Esta programación didáctica é flexible para poder estar aberta a modificacións e así adaptarse aos imprevistos que poidan xurdir á hora de poñela en práctica.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir e apreciar a veracidade e relevancia das ensinanzas bíblicas, aplicando diversos métodos de estudo para extraer principios aplicables á vida diaria que revertan positivamente na súa relación con Deus, co próximo e consigo mesmo.	2-3	3		1	1-4		3	3
OBX2 - Identificar a persoa de Xesús como a máxima expresión do amor de Deus á humanidade coñecendo as súas ensinanzas, obra e influencia nas persoas que se relacionaron con El, para xerar unha resposta de cada ser humano cara ao plan de salvación de Deus e mostrar interese por desenvolver actitudes similares ás de Xesús.	3-5	1	1	2	1	3		4
OBX3 - Valorar a nova relación persoal con Deus que experimentaron algúns personaxes bíblicos, descubrindo na historia bíblica as súas vidas transformadas, para manifestar condutas, actitudes e valores que reflictan unha verdadeira relación persoal con Deus.	5		5	3	2-5	4	3	3
OBX4 - Analizar os valores éticos cristiáns e os valores da sociedade actual; considerando as actitudes cristiás, nas relacións coa súa familia e os seus semellantes, para iniciar a formación dun sistema de valores propio que sustente a súa vida persoal e na sociedade.	1-5		5	1-4	2	2-3	3	3
OBX5 - Coñecer os principais feitos acaecidos na historia do pobo de Israel, analizando o plan de Deus e as súas implicacións nos personaxes bíblicos, para coñecer o desenvolvemento do plan de salvación en favor da humanidade.	3		3	1	3-4	1	1	1
OBX6 - Coñecer as principais características da Igrexa e os principais feitos históricos, descubrindo a historia da Igrexa, desde as súas orixes ata os nosos días, para manifestar actitudes de tolerancia e respecto ante a diversidade cultural.	2-4	2-3	1-2	3	3	2	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Biblia e o seu estudo	A Biblia é fundamental para coñecer a nosa cultura europea. Nesta situación de aprendizaxe coñecerán a composición da Biblia e conceptos básicos da hermenéutica de textos bíblicos: canon, revelación, inspiración e propósito.	17	6	X		
2	A historia da salvación: de Adán a Xesús Cristo	O coñecemento do Antigo Testamento é fundamental para comprender o Novo. Nesta situación de aprendizaxe farán un percorrido cronolóxico polo Antigo Testamento dende os inicios ata Xosé adentrándose en determinados textos.	17	6	X		
3	Vida e ministerio de Xesús	Xesús é a persoa central da cultura de occidente. A súa vida agocha verdades fundamentais para a vida. Nesta situación de aprendizaxe analizarán as súas relacións con outros nos evanxelios.	17	6		X	
4	Historia do cristianismo: dende as súas orixes ata a Reforma do século XVI	É fundamental coñecer a historia da Igrexa para non repetir os mesmos erros do pasado e aprender dos acertos. Nesta situación de aprendizaxe examinarán os inicios da Igrexa.	17	6		X	
5	Ser cristiá: un xeito de vida	No Novo Testamento temos as bases da cosmovisión cristiá que impregna a nosa cultura. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado será exposto as bases fundamentais do cristianismo (valor da vida, dignidade, imaxe de Deus).	16	6			X
6	Ética cristiá	A dimensión práctica e social das ensinanzas bíblicas son inseparables do coñecemento teórico. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado reflexionará sobre a aplicación práctica de conceptos teóricos: liberdade de conciencia, responsabilidade persoal e familia.	16	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Biblia e o seu estudo	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer a estrutura do Antigo e Novo Testamento e identificar os autores por libro, resumindo brevemente a historia bíblica contida neles.	Coñece a estrutura básica do Antigo e o Novo Testamento e identifica os libros que a compoñen.	PE	50
CA1.2. - Identificar e analizar a información relacionada coa inspiración, revelación e canon; valorando o propósito e principios aplicables á vida diaria da Palabra de Deus.	Busca, selecciona e interpreta informacio¿n sobre a inspiracio¿n, revelacio¿n e canon da Biblia, a partires da utilizacio¿n de diversas fontes.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A composición do Antigo e do Novo Testamento. - Resumo esquemático e canon bíblico. - O concepto de revelación e de inspiración e propósito da Biblia. - Directrices da mensaxe bíblica.

UD	Título da UD	Duración
2	A historia da salvación: de Adán a Xesús Cristo	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1. - Identificar os principais sucesos na historia bíblica desde Adán, os Patriarcas, o cativerio en Exipto, e a liberación ata a chegada á Terra Prometida, elaborando a información recollida.	Identifica os personaxes bi¿blicos clave en esta etapa ordena¿ndoos cronolo¿xicamente entendendo a importancia da súa contribucio¿n á historia da salvacio¿n.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Adán e Eva: desobediencia e separación de Deus.

Contidos
- A promesa dun Salvador. - Noé e o Diluvio: A obediencia dun home. - A Torre de Babel: un camiño equivocado. - Abraham: O pacto con Deus e confirmación da promesa dun Salvador. - Patriarcas: Eu son o Deus de Abraham, o Deus de Isaac e o Deus de Xacob; Deus non é Deus de mortos, senón de vivos

UD	Título da UD	Duración
3	Vida e ministerio de Xesús	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2. - Explicar a figura de Xesús, a súa divinidade e humanidade, así como o seu exemplo de vida, analizando textos do Antigo e Novo Testamento.	Relaciona e distingue a divinidade e humanidade de Xesu¿ s analizando diversos textos bi¿blicos.	PE	60
CA2.1. - Identificar e ordear cronoloxicamente as etapas da vida de Xesús (infancia e primeiros anos de ministerio), examinando nos Evanxeos sinópticos a resposta de persoaxes bíblicos ao plan de salvación.	Identifica e ordena cronolóxicamente as etapas da vida de Xesús.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Vida de Xesús: Nacemento e infancia de Xesús. - Xesús, boas noticias de salvación. Textos bíblicos que identifican a Xesús como único salvador e mediador entre Deus e o ser humano. - A figura de Xesús: Deus home. - Xesús, exemplo de vida. Xesús o Mestre.

UD	Título da UD	Duración
4	Historia do cristianismo: dende as súas orixes ata a Reforma do século XVI	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1. - Obter información concreta e relevante sobre o concepto e orixes da Igrexa, considerando a importancia da obra do Espírito Santo, reflectindo por escrito as actitudes identificadas.	Busca, selecciona e interpreta informacio¿n sobre a inspiracio¿n, revelacio¿n e canon da Biblia, a partires da utilizacio¿n de diversas fontes.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Orixes da Igrexa, o día de Pentecoste e a obra do Espírito Santo. - A Igrexa dende o século I ata o século III. - A Igrexa cristiá dende o século IV ata a ruptura da Igrexa de Oriente con Roma. - A Reforma protestante en Europa, causas e valores.

UD	Título da UD	Duración
5	Ser cristiá: un xeito de vida	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1. - Identificar e explicar os textos bíblicos clave que mostran que o ser humano foi creado á imaxe de Deus, apreciando o amor de Deus pola humanidade e as implicacións que iso ten.	Traballa en grupo unha ana¿lise xeral da realidade humana nos medios informativos relaciona¿ndoo cos temas estudiados nesta unidade didáctica.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O ser humano como creación de Deus. - A imaxe de Deus no ser humano. - A dignidade de todas as persoas. - O valor da vida e o amor de Deus por toda a humanidade.

UD	Título da UD	Duración
6	Ética cristiá	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1. - Analizar a importancia da liberdade de conciencia e a responsabilidade no marco bíblico e no contexto social, identificando os valores predominantes na sociedade actual respecto de diversas situacións éticas.	Define a libertade de conciencia, analizando a súa importancia persoal e social e a responsabilidade que temos asociada á libertade.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A liberdade de conciencia e a responsabilidade persoal. - Problemas e dilemas éticos contemporáneos, contrastados cos valores éticos cristiáns.

4.1. Concrecións metodolóxicas

De acordo co concepto vixente de currículo, a definición de obxectivos, competencias clave, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliables debe completarse coa referencia ás orientacións de metodoloxía didáctica, entendendo por tal o proceso polo que os anteriores chegan a alcanzarse.
Os principios metodolóxicos que se seguirán na nosa área veranse próximos á concepción constructivista verbo da educación. Algúns dos principios que consideramos básicos son os seguintes:

- Partir do nivel do alumno, das súas posibilidades de razoamento e aprendizaxe que as súas capacidades lle dan.
- Asegura-la construción de aprendizaxes significativos. Intentar construír, educativamente falando, sobre a base que o alumno xa ten.
- Posibilitar o aprendizaxe dos alumnos e alumnas por si mesmos, que o alumno ou alumna sexa capaz de aprender a aprender.
- Partir do máis concreto para chegar ó máis lonxano.
- Interactuar dunha maneira libre e o máis amizosa posible có mestre, de maneira que este sexa quen de dirixir á persoa ó aprendizaxe.

Para que todo isto se leve a bo termo; plantexaremos unha metodoloxía que requira en todo momento a participación activa do rapaz ou rapaza, tentando reducir as leccións maxistrais nas diferentes Unidades Didácticas ó imprescindible e utilizando a gamificación como recurso.
Tamén nos identificamos con teorías pedagóxicas emerxentes como é o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) que pon de manifesto que non hay categorías estacas de alumnado onde uns precisan adaptacións e outros

non. Utilizaremos unha metodoxía que valga para calquera alumno facilitando medios para cumplir os obxectivos que valgan para todos, é dicir, que sexan universais.
Deste xeito, o profesor convértese nun facilitador de experiencias ao alumnado nas que, ademais de mostrar i encauzar o desenvolvemento dos contidos e actitudes que se pretende ensinar, deseña contextos dinámicos que poñen en contacto aos seus alumnos e alumnas con personaxes bíblicos e con situacións nas que poñer en práctica os principios do cristianismo evanxélico. Ten tamén unha función mediadora aportando no proceso de ensino e aprendizaxe os recursos e medios necesarios para a interpretación os feitos, ideas, principios, datos ou valores, e constitúese en guía, aportando unha visión bíblica dos mesmos e modelos de aplicación práctica en situacións cotiás.
En canto ao alumado, preténsese que sexa activo. Proporemos múltiples situacións coa procura de participación. É prioritaria a súa capacitación no coñecemento e o manexo da Biblia pois ha de remitirse a esta ao longo de todo a súa aprendizaxe como fonte básica para a comprensión do modo en que Deus se achegou ao ser humano. Esta capacitación para a investigación bíblica se complementarase co uso de fontes extrabíblicas, en ocasións coincidentes con outras materias que tamén estuda (literarias, históricas, documentais) como garantía da complementariedade do Ensino de Relixión Evanxélica co resto do currículo e a súa achega á formación integral.
Ter en conta a aprendizaxe nesta idade implica tomar en consideración os seus propios intereses e as súas características evolutivas á hora de suscitar distintas situacións de aprendizaxe. É por iso que seremos facilitadores dunha cada vez maior autonomía do alumnado e unha progresión dende o coñecemento inmediato cara a maiores cotas de abstracción. Potenciaremos tamén -á medida que se avanza na etapa- situacións cunha cada vez maior dose de confrontación e exercicio crítico. Todo isto levarase a cabo nun clima de liberdade de elección e convivencia plural.
O Ensino de Relixión Evanxélica suscítase simultaneamente como un espazo de aprendizaxe da convivencia, tanto nos grupos de idade que se constitúen para impartila, como no conxunto do centro e do grupo clase onde se convive con outros compañeiros e outras opcións. Para iso o docente planifica tarefas dinámicas de aprendizaxe con flexibilidade para adaptarse aos diferentes situacións persoais e/ou grupais.

Incluiranse no proceso de ensino e aprendizaxe distintos materiais, impresos, dixitais ou doutro tipo, que se incorporan como medios para estimular o estudo da Biblia, moitos deles elaborados polo propio mestre.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Diversos libros de lectura dos que se extraerán pasaxes.
Biblia.
Fichas de contidos diversos.
Ordenador.
Pizarra.
Proxector.
Material funxible: Tixeiras, cartón de cores, pegamento, lápices de cores, folios...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o primeiro mes de curso procederase a unha avaliación inicial xeral para a que se poderán utilizar algúns destes instrumentos:
- Informes individualizados do curso anterior.

- Cuestionarios escritos iniciais.
- Cuestionarios orais breves ao comezo de cada clase.
- Exame superficial do traballo no caderno individual.
- Mediante gamificación.

Recolleranse datos sobre os seguintes indicadores:

- Capacidade de comprensión utilizando contidos vellos.
- Capacidade de memorización comprensiva e interiorización de contidos novos.
- Capacidade xeral de comunicación.

Todos estes datos compararanse cos recollidos polo resto do profesorado na sesión de avaliación inicial e pola xefatura do departamento de orientación. Discriminaranse entón que elementos do proceso de ensino-aprendizaxe están mediatizados polas actitudes e cales responden a situacións determinadas a respecto das áreas lingüística e socio-cultural de cada alumno/a.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**17**	**17**	**17**	**17**	**16**	**16**	**100**
Proba escrita	50	100	60	100	100	100	**85**
Táboa de indicadores	50	0	40	0	0	0	**15**

Criterios de cualificación:

Reflectimos o peso porcentual de cada un dos elementos que conformarán a avaliación:

- Traballo das distintas tarefas realizadas no aula: 40%
- Media probas escritas / táboa de indicadores: 60%

O alumno deberá obter unha nota numérica de 5 sobre 10 para ter aprobada a materia.

Criterios de recuperación:

Recuperación durante o curso.

No caso de non superar unha avaliación, darase a posibilidade de recuperación da materia mediante a presentación dos traballos e/ou exames que se establezan.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso que houbesen alumnos coa materia pendente, elaborarase un plan de reforzo segundo o que establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 atención á diversidade.
Este plan será personalizado e consistirá nun traballo que irá facendo o alumno de xeito trimestral seguindo as indicacións do mestre.
Este traballo revisarase con frecuencia quincenal para detectar posibles erros e facer as regulacións pertinentes.

Este traballo avaliarase cunha nota establecida de 0 a 10 puntos, onde 0 será deficiente e 10 excelente.

6. Medidas de atención á diversidade

Un dos principais principios pedagóxicos da LOMLOE é o da atención á diversidade (Art.17.1). Tanto é así que os centros docentes elaboran propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e ponse especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecta calquera destas situacións.

Dende a nosa área, colaboraremos coa xefatura do departamento de orientación na detección das necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

As medidas de atención á diversidade (MAD) que establece a LOMLOE son:

- Adaptacións do currículo,
- A integración de materias en ámbitos,
- Os agrupamentos flexibles,
- Os desdobramentos de grupos,

- A exención da Segunda Lingua Estranxeira,
- A oferta de materias optativas,
- Os programas de reforzo.
- Medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

No caso da nosa área, poderemos adoptar de ser preciso as pertinentes adaptacións do currículo ou programas de reforzo para o alumnado que non sexa quen de adquirir os obxectivos mínimos.
En todo caso, para responder ás necesidades educativas concretas do alumnado tendo en conta as súas circunstancias e diferentes ritmos de aprendizaxe, seguiremos os principios do Deseño Univesal de Aprendizaxe (DUA) para todo o alumnado, pero en caso do alumnado con diversidade funcional que presente necesidades educativas especiais (ACNEE) ou o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) que non adquira os obxectivos, programaremos actividades especificamente dirixidas para eles para reforzar os contidos desenvolvidos na unidade ou tema traballado.

Dado que as características de esta materia determinan que os grupos que se conforman son moi reducidos, faremos un seguimento moi individualizado do alumnado respetando os ritmos de
aprendizaxe de cada alumno ou alumna coa finalidade de que o alumnado por completo acade -canto menos- os obxectivos mínimos. No caso de non ser posible, coordinaremos coa xefatura do
departamento de orientación as accións a levar a cabo.

Finalmente sinalamos que, de ter disponibilidade horaria, estaremos en disposición de ofrecernos ao centro para facer reforzo educativo e apoio tal e como establece o disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 8.2.g).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X				
ET.4 - Competencia dixital					X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X			
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X				
ET.7 - Educación emocional e en valores		X				
ET.8 - Igualdade de xénero						X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde						X
ET.12 - Educación para a sostenibilidade e o consumo responsable					X	
ET.13 - Respeto mútuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Non hai dispostas actividades complementarias	Non hai dispostas actividades complementarias			X

Observacións:
Non se contemplan actuacións neste eido.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Colaboración positiva có resto do equipo deocente.

Descrición:

Indicadores de logro
Programación
Planificación de situacións de aprendizaxe
Avaliación

Descrición:

se a programación axústase ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de relixión publicado a data de hoxe, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vencella este curso co perfil de saída, os descriptores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

A planificación de situacións de aprendizaxe inclue tódolos elementos formáis, planificouse a partires de criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descriptores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias, se é axeitada aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

Avaliación. Se reflexionei e avaliei a miña laboura docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe realizando as oportunas

regulacións iniciais de proceso e finais tanto nas tarefas coma nos contidos e na metodoloxía. Se utilicei varias ferramentas de avaliación ao longo da tarefa, se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas, senón ao logro de competencias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizaráse o seguimento da programación con periodicidade mensual e unha vez rematadas cadansúa unidade didáctica.

9. Outros apartados

1. Relixión Evanxélica 1º ESO

Esta é a programación Didactica para 1º ESO da asignatura Relixión Evanxélica para o curso 2025/2026 no IES Luís Seoane.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Tecnoloxía e Dixitalización	1º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 13

4.2. Materiais e recursos didácticos 14

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 14

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 14

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 17

6. Medidas de atención á diversidade 17

7.1. Concreción dos elementos transversais 17

7.2. Actividades complementarias 19

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 19

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 20

9. Outros apartados 20

1. Introdución

A materia de Tecnoloxía e Dixitalización é necesaria para valorar a achega fundamental da tecnoloxía na sociedade actual e comprender a importancia de utilizala dun xeito crítico, responsable e sostible. Nun mundo cada vez máis dixitalizado, a materia contribúe a mellorar a competencia dixital do alumnado tratando que utilice o gran potencial das ferramentas dixitais, pero sen deixar de lado a seguridade, a ética e o benestar.
O principal eixe do proceso de ensino e aprendizaxe será o desenvolvemento de proxectos que resolvan problemas concretos, aplicando os contidos da materia. Así mesmo incorporaranse as tecnoloxías dixitais e potenciarase o pensamento computacional, coma bases destacables neste proceso. Trátase de que o alumnado traballe coñecementos científicos e técnicos, desenvolvendo ideas e solucións cunha actitude creativa, emprendedora e de cooperación así coma crítica e comprometida coa sostibilidade.
Esta programación didáctica está pensada para a materia de Tecnoloxía e Dixitalización do 1º curso da ESO.
Para a súa elaboración tívose como referencia:
- A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade
Autónoma de Galicia
- A Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
Do mesmo xeito, é de aplicación para o deseño desta programación a normativa para a Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia vixente neste curso 2025/26.
Neste curso 2025/26, en 1º da ESO, o centro conta cun total de 75 alumnos distribuidos en 3 grupos de 25 alumnos e alumnas.
Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.
As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, dispoñendo de, por exemplo, un taller e ordenadores en varias aulas de informática para o uso de ferramentas dixitais. As aulas tamén contan con encerados dixitais para apoiar o traballo diario na aula.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar e seleccionar a información adecuada proveniente de diversas fontes, de maneira crítica e segura, aplicando procesos de investigación, métodos de análise de produtos e experimentando con ferramentas de simulación, para definir problemas tecnolóxicos e iniciar procesos de creación de solucións a partir da información obtida.	3		2	1-4	4		1	
OBX2 - Abordar problemas tecnolóxicos con autonomía e actitude creativa, aplicando coñecementos interdisciplinarios e traballando de forma cooperativa e colaborativa, para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz, innovadora e sostible.	1		1-3	3	3-5		1-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Aplicar de forma apropiada e segura distintas técnicas e coñecementos interdisciplinarios utilizando operadores, sistemas tecnolóxicos e ferramentas, tendo en conta a planificación e o deseño previo para construír ou fabricar solucións tecnolóxicas e sostibles que dean resposta a necesidades en diferentes contextos.			2-3-5	5	1		3	3
OBX4 - Describir, representar e intercambiar ideas ou solucións a problemas tecnolóxicos ou dixitais, utilizando medios de representación, simboloxía e vocabulario axeitados, así como os instrumentos e os recursos dispoñibles, e valorando a utilidade das ferramentas dixitais para comunicar e difundir información e propostas.	1		4	3				3-4
OBX5 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional e incorporando as tecnoloxías emerxentes, para crear solucións a problemas concretos, automatizar procesos e aplicalos en sistemas de control ou en robótica.		2	1-3	5	5		3	
OBX6 - Comprender os fundamentos do funcionamento dos dispositivos e aplicacións habituais da súa contorna dixital de aprendizaxe, analizando os seus compoñentes e funcións e axustándoos ás súas necesidades para facer un uso máis eficiente e seguro destes e para detectar e resolver problemas técnicos sinxelos.		2		2-4-5	4-5			
OBX7 - Facer un uso responsable e ético da tecnoloxía, mostrando interese por un desenvolvemento sostible, identificando as súas repercusións e valorando a contribución das tecnoloxías emerxentes para identificar as achegas e o impacto do desenvolvemento tecnolóxico na sociedade e na contorna.			2-5	4		4		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A tecnoloxía e os problemas tecnolóxicos. O traballo no taller.	Introdución á tecnoloxía, o traballo no taller e as ferramentas.	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Deseño e fabricación. Técnicas de expresión gráfica.	Conceptos básicos de debuxo técnico para o deseño de produtos. Uso básico de aplicacións CAD en 2D para a representación gráfica no deseño de produtos. Iniciación ao deseño 3D. Introdución á fabricación dixital.	14	15	X	X	
3	Utilización das TIC no proceso tecnolóxico	Utilización de hardware e software no proceso tecnolóxico, respectando a propiedade intelectual, a etiqueta dixital. Uso da rede con seguridade para os datos, os equipos e as persoas.	14	15	X	X	X
4	Estruturas e materiais técnicos.	Deseño e fabricación dunha estrutura que resolva un problema proposto.	12	12	X		
5	Documentación de proxectos	Documentar e presentar os proxectos técnicos creados utilizando ferramentas dixitais.	14	15	X	X	X
6	Mecanismos	Deseño e fabricación dun sistema mecánico que resolva un problema proposto.	12	12		X	X
7	Electricidade	Deseño e montaxe dun sistema mediante circuítos eléctricos que resolva un problema proposto.	12	12		X	
8	Introducción a la programación	Resolución de problemas mediante algoritmos. Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para ordenador ou outros dispositivos.	8	9			X
9	Sistemas de control e robots	Conceptos básicos dun sistema de control ou de robot sinxelos.	4	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A tecnoloxía e os problemas tecnolóxicos. O traballo no taller.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Buscar e contrastar información que axude a resolver un problema proposto.	PE	50
CA1.2 - Comprender e examinar obxectos tecnolóxicos sinxelos de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.	Comprender obxectos tecnolóxicos sinxelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer a influencia da actividade tecnolóxica na sociedade e na sostibilidade ambiental identificando as súas achegas e repercusións e valorando a súa importancia para o desenvolvemento sostible.	Recoñecer a influencia da tecnoloxía na sociedade. Comprender a importancia dun desenvolvemento sostible.	TI	50
CA1.4 - Identificar as achegas das tecnoloxías emerxentes ao benestar, á igualdade social e á diminución do impacto ambiental, facendo un uso responsable e ético destas.	Identificar as tecnoloxías emerxentes e a súa influencia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos. - Análise de produtos e de sistemas tecnolóxicos sinxelos para a construción de coñecemento desde distintos enfoques e ámbitos. - Desenvolvemento tecnolóxico: creatividade, innovación, investigación, obsolescencia e impacto social e ambiental. - Ética e aplicacións das tecnoloxías emerxentes. - Tecnoloxía sostible. Valoración crítica da contribución da tecnoloxía á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).

UD	Título da UD	Duración
2	Deseño e fabricación. Técnicas de expresión gráfica.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Deseñar e construír, mediante ferramentas de fabricación dixital, obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.		PE	70
CA2.4.1. - Comprender e utilizar conceptos básicos de debuxo técnico para construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos.	Comprender e utilizar conceptos de debuxo técnico.		
CA2.4 - Deseñar e construír, mediante ferramentas de fabricación dixital, obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.		TI	30
CA2.4.2. - Deseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.	Deseñar un obxecto sinxelo que se poida construír mediante ferramentas de fabricación dixital, respectando as normas de seguridade e saúde.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas de representación gráfica para deseño de pezas utilizadas nos proxectos. Acoutamento e escalas.

Contidos
- Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuítos e planos sinxelos. - Iniciación ao deseño 3D. - Introdución á fabricación dixital. Deseño e construción de pezas sinxelas con impresión 3D e/ou corte.

UD	Título da UD	Duración
3	Utilización das TIC no proceso tecnolóxico	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.	Utilizar de xeito xeito eficiente e seguro distintos dispositivos dixitais para resolver problemas.	TI	100
CA5.4 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Organizar a información de maneira estruturada e segura.		
CA5.5 - Adoptar medidas preventivas para a protección dos dispositivos, dos datos e da saúde persoal, identificando problemas e riscos relacionados co uso da tecnoloxía e facendo unha análise ética e crítica.	Protexer os dispositivos e datos utilizados no desenvolvemento do taballo. Evitar os riscos para a súa saúde derivados do mal uso da tecnoloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dispositivos dixitais. Elementos do hardware e do software. Identificación e resolución de problemas técnicos sinxelos. - Ferramentas e plataformas de aprendizaxe: configuración, mantemento e uso crítico. - Propiedade intelectual e etiqueta dixital. - Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade. - Seguridade na rede: riscos, ameazas e ataques. - Medidas de protección de datos e información. Benestar dixital: prácticas seguras e riscos (ciberacoso, sextorsión, vulneración da propia imaxe e da intimidade, acceso a contidos inadecuados, adiccións...).

UD	Título da UD	Duración
4	Estruturas e materiais técnicos.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema, resolvendo os problemas propostos.		PE	70
CA3.1.1. - Coñecer os conceptos básicos sobre estruturas, para deseñar e fabricar sistemas empregando estruturas, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Coñecer os conceptos básicos sobre estruturas.		
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Buscar e contrastar información que axude a resolver un problema proposto.	TI	30
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear e deseñar solucións que resolvan un problema proposto.		
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	Seleccionar e organizar os materiais axeitados para construir unha solución a un problema proposto.		
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA3.1 - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema, resolvendo os problemas propostos.			
CA3.1.2. - Deseñar e fabricar sistemas empregando estruturas, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Deseñar e fabricar unha estrutura que resolva un problema proposto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases.
- Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos.
- Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria.
- Uso de materiais tecnolóxicos para a fabricación de obxectos ou modelos nun proxecto tecnolóxico e o seu impacto ambiental.
- Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos.
- Respecto das normas de seguridade e hixiene.
- Estruturas para a construción de modelos.

Contidos
- Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas sinxelas para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.

UD	Título da UD	Duración
5	Documentación de proxectos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Elaborar documentos técnicos con ferramentas dixitais, para representar o proceso de creación dun produto. Proporcionar formato axeitado á documentación creada. Empregar vocabulario técnico axeitado.	TI	100
CA5.3 - Crear contidos e elaborar materiais configurando correctamente as ferramentas dixi- tais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital.	Crear contidos configurando correctamente as ferramentas dixitais utilizadas. Respectar os dereitos de autor e a etiqueta dixital.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Vocabulario técnico apropiado. - Habilidades básicas de comunicación interpersoal. Pautas de conduta propias da contorna virtual, etiqueta dixital. - Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos. - Ferramentas de edición e creación de contidos: instalación, configuración e uso responsable.

UD	Título da UD	Duración
6	Mecanismos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema, resolvendo os problemas propostos.		PE	70
CA3.1.3. - Coñecer os operadores mecánicos básicos, para deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando mecanismos, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Coñecer os conceptos básicos sobre mecanismos.		
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Buscar e contrastar información que axude a resolver un problema proposto.	TI	30
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear e deseñar solucións que resolvan un problema proposto.		
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	Seleccionar e organizar os materiais axeitados para construir unha solución a un problema proposto.		
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA3.1 - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema, resolvendo os problemas propostos.			
CA3.1.4. - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando mecanismos, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Deseñar e fabricar un sistema empregando mecanismos que resolva un problema proposto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases.
- Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos.
- Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria.
- Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos.
- Respecto das normas de seguridade e hixiene.

Contidos
- Identificación de sistemas mecánicos básicos de transmisión e transformación do movemento: montaxes físicas e/ou uso de simuladores. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto. - Deseño de sistemas que incorporen mecanismos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.

UD	Título da UD	Duración
7	Electricidade	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema, resolvendo os problemas propostos.		PE	70
CA3.1.5. - Coñecer os operadores eléctricos básicos, para deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando circuítos eléctricos, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Coñecer os operadores eléctricos básicos.		
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Buscar e contrastar información que axude a resolver un problema proposto.	TI	30
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear e deseñar solucións que resolvan un problema proposto.		
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	Seleccionar e organizar os materiais axeitados para construir unha solución a un problema proposto.		
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA3.1 - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema, resolvendo os problemas propostos.			

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.6. - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando circuítos eléctricos, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Deseñar e fabricar un sistema empregando circuítos eléctricos que resolva un problema proposto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. - Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos. - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Electricidade básica para a montaxe de circuítos físicos ou simulados. Montaxe e/ou simulación de circuítos sinxelos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Compoñentes básicos e simboloxía. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto. - Deseño de sistemas que incorporen circuítos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.

UD	Título da UD	Duración
8	Introducción a la programación	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Interpretar algoritmos sinxelos. Dar solución a problemas sinxelos a través de algoritmos.	PE	70
CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición.	Programar aplicacións sinxelas.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Algorítmica e diagramas de fluxo. - Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador. - Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
9	Sistemas de control e robots	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.		PE	70
CA3.2.1. - Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot, para montar sistemas de control e/ou robots sinxelos para a resolución dos problemas propostos.	Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot.		
CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.		TI	30
CA3.2.2. - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.	Montar un sistema de control ou robot sinxelo que resolva un problema proposto.		
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e obxectos sinxelos, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Automatizar un proceso ou máquina sinxelos, programando un sistema de contro ou robot.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Compoñentes básicos e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: sensores, actuadores e controladores. - Montaxe de sistemas de control ou robots sinxelos para a resolución de problemas técnicos. - Sistemas de control programado: uso de simuladores e programación sinxela de dispositivos. - Fundamentos da robótica: control programado de robots sinxelos de maneira física ou por medio de simuladores. - Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.
O eixe vertebrador será a realización de proxectos tecnolóxicos con metodoloxías que fomenten a resolución de problemas mediante o deseño e construción de sistemas técnicos e propotipos eléctricos, mecánicos, robóticos, etc. Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.
Promoverase a participación do alumnado,resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.
Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula-taller de tecnoloxía.
Ordenadores con conexión a internet. Un ordenador por alumna/o.
Software de uso xeral (sistema operativo,ofimática....) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización.
Ferramentas manuais e eléctricas propias do taller de tecnoloxía.
Operadores e compoñentes eléctricos e electrónicos.
Dispositivos de fabricación dixital.
Dispositivos de robótica.
Compoñentes para sistemas de control programados: sensores, actuadores, placas controladoras con conexión a internet (IOT). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase hardware libre.
Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.
Aula virtual do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso, realizarase un cuestionario acerca das competencias adquiridas en primaria relacionadas coa tecnoloxía e dixitalización.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**14**	**14**	**12**	**14**	**12**	**12**
Proba escrita	50	70	0	70	0	70	70
Táboa de indicadores	50	30	100	30	100	30	30

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**8**	**4**	**100**
Proba escrita	70	70	**48**
Táboa de indicadores	30	30	**52**

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

UD 1. A TECNOLOXÍA. OS PROBLEMAS TECNOLÓXICOS
Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 60% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.2,
Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.3, CA1.4

UD 2. DESEÑO E FABRICACIÓN. TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICA.
Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.4.1
Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.4.1
Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.4.2
Esta unidade didáctica desenvolverase de xeito transversal na primeira e segunda avaliación

UD 3. UTILIZACIÓN DAS TIC NO PROCESO TECNOLÓXICO
Procedemento de Avaliación: tarefas de clase . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 100% Criterios de Avaliación Avaliados: CA5.2, CA5.5, CA5.5
Esta unidade didáctica desenvolverase de xeito transversal na primeira, na segunda e na terceira avaliación, outorgando proporcionalmente o peso en cada unha delas.

UD 4. ESTRUTURAS E MATERIAIS TECNOLÓXICOS.
Procedemento de Avaliación: tarefas de clase escritas. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.1
Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.1
Procedemento de Avaliación: proxecto técnico. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1 , CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA3.1.2

UD 5. DOCUMENTACIÓN DE PROXECTOS
Procedemento de Avaliación: tarefas de clase escritas. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA5.1

Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA5.1
Procedemento de Avaliación: creación de documentación técnica. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA5.3
Esta unidade didáctica desenvolverase de xeito transversal na primeira, na segunda e na terceira avaliación, outorgando proporcionalmente o peso en cada unha delas.

UD 6. PROXECTO MECANISMOS
Procedemento de Avaliación: tarefas de clase escritas. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.3
Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.3
Procedemento de Avaliación: proxecto técnico. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1 , CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA3.1.4.
Esta unidade didáctica desenvolverase de xeito transversal na segunda e terceira avaliación

UD 7. PROXECTO ELECTRICIDADE
Procedemento de Avaliación: tarefas de clase escritas. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.5
Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.1.5
Procedemento de Avaliación: proxecto técnico. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1 , CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA3.1.6

UD 8. PROGRAMACIÓN
Procedemento de Avaliación: tarefas de clase . Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA4.1
Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA4.1
Procedemento de Avaliación: proxecto . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA4.2

UD 9. SISTEMAS DE CONTROL E ROBOTS.
Procedemento de Avaliación: tarefas de clase . Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.2.1
Procedemento de Avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.2.1
Procedemento de Avaliación: tarefas de clase e proxecto . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.2.2, CA4.3

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
En 1º ESO realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha avaliación final. Tal e como recolle a Orde do 27 de decembro de 2022, a sesión de avaliación final coincidirá coa sesión da terceira avaliación parcial. Dita sesión de avaliación realizarase a partir do 22 de xuño de 2024, seguindo as directrices da Consellería de Educación.
A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.
A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.
Cálculo da nota final do curso:
NOTA FINAL = 33,3% 1ªaval + 33,3% 2ªaval + 33,3% 3ªaval.
No boletín de notas indicaranse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén a da final. A cualificación da avaliación final atenderá aos criterios antes citados, podendo ser dita nota inferior, igual ou superior á nota obtida na 3ª parcial.

Criterios de recuperación:

O comezo do seguinte trimestre e na última quincena do mes de xuño realizaranse as recuperacións ao mesmo tempo que se establecerán actividades de reforzo e ampliación para todo o alumnado.
De cada proba escrita obxectiva ou das probas escritas de cada avaliación realizarase mínimo unha segunda proba de recuperación. A realización da proba de recuperación será obrigatoria para o alumnado que obteña unha cualificación inferior ao 50% do máximo da avaliación, o resto do alumnado poderá realizala de xeito voluntario. A cualificación final de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades.
O alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas de recuperación daquelas unidades didácticas da 1ª e 2ª avaliación que non superase no seu momento. No caso da 3ª avaliación, o alumnado poderá recuperala antes do remate da mesma. A recuperación realizarase por cada unidade didáctica ou por cada avaliación. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.
O alumnado que nesta quincena de xuño teña acadado unha cualificación de 5 ou máis de 5 na media ponderada das tres avaliacións, poderá realizar actividades de ampliación que lle permitirán subir a súa cualificación nalgunha das unidades didácticas do curso. Neste caso a cualificación final será recalculada seguindo o mesmo criterio que anteriormente.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades especiais (NEE) realizaranse as correspondentes adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), estableceranse as medidas de reforzo necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. O profesorado con dispoñibilidade horaria realizará tarefas de apoio en aula e codocencia, e a PT colaborará co profesorado en diferentes materias, priorizando a súa labor nas materias instrumentais.
Unha vez realizada a avaliación inicial e ante as dificultades individuais ou grupais detectadas poderase adecuar ou graduar o nivel de dificultade das actividades e prestar unha atención máis individualizada a aqueles alumnos/as que amosen máis carencias á hora de asimilación de contidos.
No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguirase o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X				X			
ET.3 - Comunicación audiovisual.				X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.		X	X		X			X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.		X		X		X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X		X		X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.			X	X	X	X	X	
ET.8 - Igualdade de xénero.				X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.		X		X		X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde.		X	X	X		X	X	
ET.11 - Formación estética.		X		X		X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.	X		X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.			X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X
ET.9 - Creatividade.	X
ET.10 - Educación para a saúde.	X
ET.11 - Formación estética.	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X

Observacións:
Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos. Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e coa elaboración de documentación técnica. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica. Comunicación audiovisual: presentación de resultados de prácticas e proxectos mediante creacións audiovisuais. Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia. Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos tecnolóxicos. Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos fomentará o traballo en equipo. A igualdade de xénero no ámbito científico e tecnolóxico é unha necesidade na sociedade actual, que tratará de cubrirse mediante un axeitado reparto de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos. Creatividade: Desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Educación para a saúde: importancia do respecto polas normas de seguridade e hixiene no taller. Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade. Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos tecnolóxicos. Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade nos proxectos tecnolóxicos, sobre todo na elección de materiais e fontes de enerxía. Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia.	Saídas didácticas relacionadas coa materia.			

Observacións:
Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos das distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....

O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
As actividades complementarias cumpliron os obxectivos cos que foron propostas.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.
Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.
A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual docentro ou na do plan Edixgal.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 30

4.2. Materiais e recursos didácticos 31

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 32

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 32

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 33

6. Medidas de atención á diversidade 34

7.1. Concreción dos elementos transversais 34

7.2. Actividades complementarias 35

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 36

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 37

9. Outros apartados 38

1. Introdución

O primeiro curso da ESO, iníciase coa introdución do alumnado nas metodoloxías da Xeografía e a Historia. Analízanse o clima, o cambio climático e a biodiversidade desde unha perspectiva integradora e holística, ligando a súa visión académica co enfoque ecolóxico e ambiental que desembocou na persecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e ao desenvolvemento da conciencia ambiental.
O período histórico analizado neste curso abarca desde a orixe do ser humano ao fin da Antigüidade Tardía. O estudo de tan amplo e complexo espazo de tempo supón un inmenso reto docente, non só pola cantidade de contidos e destrezas referidos senón tamén pola conexión dos temas abordados coa realidade actual do alumnado. Por tanto contidos, habilidades e actividades a desenvolver, deberemos conectalos, mediante as estratexias docentes de ensino, co presente do alumnado en especial no que concierne ao compromiso cívico, a igualdade e a perspectiva de xénero. Á vez, achegarémonos a defensa e a conservación do patrimonio histórico e cultural, tan rico nesta longa etapa tanto en España, como en Galicia en particular. Por iso será fundamental abordar os contidos relacionados coa arte e o Patrimonio con especial énfase.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos cales se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas a que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural en que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e coa contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, das súas institucións e doutras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O Planeta Terra e a sua representación		5	6	X		
2	O Relevo		10	12	X		
3	O Clima		12	14	X		
4	A auga na Terra		8	8	X		
5	As paisaxes		5	6	X		
6	Ecoloxía		5	7		X	
7	O mapa do mundo		5	6		X	
8	A Prehistoria		15	12		X	
9	As primeiras civilizacións		8	6		X	
10	Grecia		8	9			X
11	Roma		8	9			X
12	Historia Antiga da Península Ibérica		11	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O Planeta Terra e a sua representación	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de facer un breve resumo acerca da historia do planeta Terra	PE	70
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Coñece os principais conceptos acerca do movemento da Terra e as estacións		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	É capaz de localizar puntos nun mapa a través de coordenadas		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	É capaz de trazas paralelos e meridianos nunnha representación terrestre		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Comprende as ventaxas edesventaxas dos cambios horarios	TI	30
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles	1.2		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa en debates orais cos seus compañeiros		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Respeta ao resto de compañeiros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.
- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
2	O Relevo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Coñece as placas téctonicas.	PE	70
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Coñece os principais fénomenos relacionados coa formación do relevo.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Coñece a problematica ambiental.		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	É capaz de representar esquematicamente a estructura interna da Terra		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	É consciente dos principais problemas medioambientas.	TI	30
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	É capaz de representar os principais accidentes do relevo		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles	1.2		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa en debates orais cos compañeiros		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Respeta aos compañeiros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Obxectivos de desenvolvemento sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
3	O Clima	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora climogramas	PE	70
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Coñece os principais conceptos do clima		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	É capaz de interpretar mapas do tempo		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Comprende como o cambio climatico afecta a vida diaria das persoas		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	É capaz de representar información climatoloxica nun mapa		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende as consecuencias do cambio climatico e a necesidade de actuar na súa contra	TI	30
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Identifica o cambio climatico como un dos principais problemas da actualidade.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles	Comprende a problematica medioambiental		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa en debates orais cos seus compañeiros		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Respeta aos seus compañeiros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.

Contidos
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Obxectivos de desenvolvemento sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
4	A auga na Terra	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de elaborar un esquema cas características dos cursos de auga	PE	70
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Manexa os conceptos xeograficos propios deste tema		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	É capaz de elaborar un bloque diagrama.		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	É capaz de trazar o rexime dun rio		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Comprende que as augas son o principal recurso do planeta	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Coñece a importancia fundamental da auga para a sostenibilidade.		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Entende que o acceso universal a auga potable e imprescindible para ter un mundo xusto.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles	1.2		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa en debates orais cos seus compañeiros		
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

UD	Título da UD	Duración
12	Historia Antiga da Península Ibérica	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Coñece os principais conceptos para o estudo da Historia Antiga da Peninsula Iberica	PE	90
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Identificou e visitou un castro. Lectura e traballo orientado acerca de: O torques de Burela, de Antía Yáñez		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Identifica a relación de Galicia e España con respecto a Europa.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de realizar esquemas e taboas que resumen os principais feitos da historia antiga da peninsula iberica		
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Identifica fontes arqueoloxicas galegas		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Domina a evolución politica, economica e social da Peninsula Iberica na Antiguidade		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	É capaz de realizar unha liña do tempo		
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Coñece as principais formas de organización politica e social da peninsula iberica na antiguidade		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	é capaz de situar nun mapa as diferentes culturas e civilizacións prerromanas da península iberica		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Coñece os aportes que as culturas prerromanas fixeron a sociedade e mundo actual.		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Relaciona a Galicia actual ca Galicia da antiguidade	TI	10
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles	Coñece o debate sobre o valor do patrimonuio e é capaz de opinar sobre el.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa en debates orais cos seus compañeiros na aula.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Respeta aos seus compañeiros e se preocupa polas súas necesidades		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Coñece a importancia da diversidade social para ter unha sociedade xusta e tolerante.		
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Coñece o papel xogado polas mulleres ao longo da Historia Antiga da Peninsula Iberica		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Comprende a importancia de protexer o noso propio patrimonio historico e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e

Contidos
- artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.
Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.
A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.
O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.
O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear

escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.
O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumando adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.
Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)
Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interactuación entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.
O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas.... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.
Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos e fichas do docente
Aula Virtual do Centro
Caderno de traballo do alumnado
Libro de texto
Contidos audiovisuais

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.
O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregarase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Así mesmo, o docente pode dispor do seu propio blog didáctico a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, realizar actividades interactivas...) que enriquezan a didáctica.
O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito

caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.
Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliables, e comunicarse co alumnado.
As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable.
Pode dispoñerse de Xogos de mesa de feitos históricos para ser empregados nalgunha ocasión.
En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.
Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.
Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.
Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas....
Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.
Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.
Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**10**	**12**	**8**	**5**	**5**	**5**
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**15**	**8**	**8**	**8**	**11**	**100**
Proba escrita	70	78	81	70	90	**74**
Táboa de indicadores	30	22	19	30	10	**26**

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas o peso que se lle da aos instrumentos de avaliación é en xeral o seguinte: probas escritas 70%, táboas de indicadores 30%. Nalgunha unidade hai lixeiras variacións porcentuais, tal e como se sinalou en apartados anteriores.
A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato. A cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.
A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa cos seguintes parámetros: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular 4, valores cos que logo se extrae a media.
A nota da avaliación será o resultado de: Probas escritas x 0.7 + Táboa de indicadores x 0.3. Se no resultado obtido o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.
A cualificación final do curso será a media aritmética das tres avaliacións, polo tanto será o resultado de: (Nota 1ª aval + Nota 2ª aval + Nota 3ª aval)/3

Criterios de recuperación:

O alumnado con avaliacións suspensas realizará un plan de recuperación baseado na realización de un caderno de exercicios de reforzo máis a realización de unha proba escrita sobre as unidades de dita avaliación. O peso de cada un de estes dous apartados será do 70% da nota total para a proba escrita e 30% o caderno de exercicios. Ambolos dous apartados serán cualificados entre o 1 e o 10.
Tanto a proba escrita coma a entrega do caderno sreán a final de curso.
Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis.
O traballo será titorizado polo docente e estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva. No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá realizar outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

non procede

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:
Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.
Ao alumnado de altas capacidades proporcionaránselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.
Plantexaranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X	X	X	
ET.4 - Educación para a igualdade								X
ET.5 - Educación para a paz								X
ET.6 - Comprensión lectora oral e escrita		X	X	X	X	X		X
ET.7 - Educación para o consumidor	X	X	X	X	X	X		
ET.8 - Emprendemento	X					X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X
ET.3 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible				
ET.4 - Educación para a igualdade	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.5 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.6 - Comprensión lectora oral e escrita	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumidor				
ET.8 - Emprendemento				

Observacións:
Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.
Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.
O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.
O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.
Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Excursións de interese didáctico	complementaria	X	X	X
Visitas a exposicións e museos	complementaria	X	X	X
Asistencia a charlas	complementaria	X	X	X
Roteiros didácticos	complementaria			X
Proxeccións de cine	complementaria			X

Observacións:

Durante o curso 2025-26 tratarán de realizarse as seguintes actividades:
1. Visita didáctica a Lugo: muralla romana, Museo Provincial, Mitreo e Castro de Viladonga
2. Visita ao Museo Provincial de Pontevedra
3. Visita ao PAAR de Campo Lameiro

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.
Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .
A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.
Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:
-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Ofrece oportunidades de recuperación
E ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador
Aplica criterois de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases
Cumpriu co horaroi de clase

Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregaronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterois de avaliación foron axustados

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.
Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal disponse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.
Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.
Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.
Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Francés	1º ESO	2	70

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 36

4.2. Materiais e recursos didácticos 37

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 38

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 38

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 40

6. Medidas de atención á diversidade 41

7.1. Concreción dos elementos transversais 41

7.2. Actividades complementarias 42

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 42

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 43

9. Outros apartados 43

1. Introdución

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións exixen o desenvolvemento daquelas competencias que axuden os individuos a practicar unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea, cada vez máis global, intercultural e plurilingüe. Tal e como sinala o Marco de referencia para a cultura democrática, nas actuais sociedades, culturalmente diversas, os procesos democráticos requiren do diálogo intercultural.

Polo tanto, a comunicación en distintas linguas resulta clave no desenvolvemento desa cultura democrática. Na idea dun Espazo Europeo de Educación, a comunicación en máis dunha lingua evita que a educación e a formación se vexan obstaculizadas polas fronteiras e favorece a internacionalización e a mobilidade, ademais de permitir o descubrimento doutras culturas ampliando as perspectivas do alumnado.

A materia de Lingua Estranxeira contribúe á adquisición das distintas competencias clave que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica e, de forma directa, participa na consecución da competencia plurilingüe, que implica o uso de distintas linguas de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. O plurilingüismo integra non só a dimensión comunicativa, senón tamén os aspectos históricos e interculturais que conducen o alumnado a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural e contribúen a que poida exercer unha cidadanía independente, activa e comprometida cunha sociedade democrática. En consonancia con este enfoque, a materia de Lingua Estranxeira na etapa de educación secundaria obrigatoria ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada na lingua estranxeira, de modo que lle permita ao alumnado comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia, así como o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural.

No eixe do currículo de Lingua Estranxeira concorren as dúas dimensións do plurilingüismo: a dimensión comunicativa e a intercultural. Os obxectivos da materia, relacionados cos descritores das distintas competencias clave do perfil de saída e cos retos do século XXI, permítenlle ao alumnado comunicarse eficazmente e de forma apropiada na lingua estranxeira e ampliar o seu repertorio lingüístico individual, aproveitando as experiencias propias para mellorar a comunicación tanto nas linguas familiares como nas linguas estranxeiras nun proceso de enriquecemento mutuo. Así mesmo, ocupan un lugar importante a valoración e o respecto polos perfís lingüísticos individuais, a aceptación e a adecuación á diversidade cultural, así como o respecto e a curiosidade por outras linguas e polo diálogo intercultural como medio para fomentar a sustentabilidade e a democracia. No caso de Galicia, o desenvolvemento da competencia plurilingüe vese favorecido pola coexistencia das dúas linguas, castelá e galega, e das respectivas culturas, o que lle permite ao alumnado aprender e usar distintas linguas ao mesmo tempo, practicar o respecto polas diferenzas entre elas e atopar as similitudes, supoñendo esta experiencia un enriquecemento para a persoa. Esta materia, ademais, permítelle ao alumnado desenvolverse mellor nas contornas dixitais e acceder ás culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira, tanto como motor de formación e aprendizaxe como fonte de información e gozo.

Neste sentido, as ferramentas dixitais posúen un potencial que podería aproveitarse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación das linguas e culturas estranxeiras. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento de aprendizaxe moi relevante nesta materia. Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira na educación secundaria obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos adquiridos durante a educación primaria, que serán o punto de partida para esta nova etapa, e desenvolveranse a partir dos repertorios e experiencias do alumnado. Isto implica unha ampliación e un afondamento nas actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, entendida nesta etapa como a actividade orientada a explicar conceptos e simplificar mensaxes co f in de facilitar a comprensión mutua e de transmitir información.

A progresión ademais supón outorgarlle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento das linguas e ás relacións entre as distintas linguas dos repertorios individuais do alumnado. Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira tamén inclúen a valoración e a adecuación á diversidade lingüística, artística e cultural entre o alumnado, co fin de que aprenda a actuar de forma empática e respectuosa en situacións comunicativas interculturais. Os criterios de avaliación da materia determinan o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a eles. Na súa formulación competencial, exponse enunciando o proceso ou capacidade que o alumnado debe adquirir, xunto co contexto ou modo de aplicación e o uso do devandito proceso ou capacidade. A nivelación dos criterios de avaliación está baseada no Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), aínda que adecuados á madurez e desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado da etapa de educación secundaria. Estrutúranse en tres bloques: Comunicación, Plurilingüismo e Interculturalidade.

Pola súa banda, os contidos unen os coñecementos (saber), as destrezas (saber facer) e as actitudes (saber ser) necesarios para a adquisición dos obxectivos da materia e favorecen a avaliación das aprendizaxes a través dos criterios. Estrutúranse en tres bloques de criterios de avaliación e contidos relacionados.

O bloque de «Comunicación» abarca os saberes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento das actividades comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, incluídos os relacionados coa procura de fontes de información e a xestión das fontes consultadas. O bloque de «Plurilingüismo» integra os saberes relacionados coa capacidade de reflexionar sobre o funcionamento daslinguas, co fin de contribuír á aprendizaxe da lingua estranxeira e á mellora das linguas que conforman o repertorio lingüístico do alumnado. Por último, no bloque de «Interculturalidade» agrúpanse os saberes sobre as culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira, e a súa valoración como oportunidade de enriquecemento e de relación cos demais. Inclúense tamén neste bloque os saberes orientados ao desenvolvemento de actitudes de interese por entender e apreciar outras linguas, variedades lingüísticas e culturas. O enfoque, a nivelación e a definición dos distintos elementos do currículo están formulados a partir das actividades de lingua e das competencias que establece o Consello de Europa no MCER. Esta ferramenta é peza fundamental para determinar os distintos niveis de competencia que o alumnado adquire nas diferentes actividades e apoia tamén o seu proceso de aprendizaxe, que se entende como dinámico e continuado, flexible e aberto, e debe adecuarse ás súas circunstancias, necesidades e intereses. Espérase que o alumnado sexa capaz de pór en funcionamento todos os contidos no seo de situacións comunicativas propias dos diferentes ámbitos: persoal, social, educativo e profesional, e a partir de textos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia que inclúan aspectos relacionados cos obxectivos de desenvolvemento sustentable e os retos e desafíos do século XXI.
En consonancia co enfoque orientado á acción que propón o MCER, que contribúe de maneira significativa ao deseño de metodoloxías eclécticas, o carácter competencial deste currículo convida o profesorado a crear tarefas interdisciplinares, contextualizadas, significativas e relevantes, e a desenvolver situacións de aprendizaxe onde se considere o alumnado como axente social progresivamente autónomo e gradualmente responsable do seu propio proceso de aprendizaxe. Isto implica ter en conta os seus repertorios, intereses e emocións, así como as súas circunstancias específicas, co fin de sentar as bases para a aprendizaxe ao longo de toda a vida.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	La chambre de Juliette	Ler e pronunciar o alfabeto. Presentarse e presentar aos nosos coñecidos. Saudar e despedirse. Entender preguntas sinxelas relativas á nosa nacionalidade e datos persoais. Contar ata 20.	15	15	X		
2	Mes copains et moi	Saber describirse e identificar persoas. Saber expresar o que nos gusta e o que non nos gusta. Saber responder a preguntas sobre os nosos gustos. Coñecer algunhas principales cidades e nacionalidades francófonas.	15	10	X		
3	Je customise	Falar do material escolarDescribir a roupa. As profesións. Coñecer algunha receita da gastronomía francófona.	15	10	X	X	
4	Au collège	Describir os nosos gustos, as nosas aficións. Falar do noso centro de estudos, das súas características, das materias que cursamos, do noso horario. Organizar o noso horario. Falar das nosas amnizades. Hábitos de vida saudable.	15	10		X	
5	En famille	Vocabulario da familia presentala cos animais de compañía. Coñecer o noso corpo e falar de lugares e actividades a onde imos.	15	10		X	X
6	En ville	Falar dos medios de transporte, coñecer a vila e os seus lugares. Indicar un itinerario e	15	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	En ville	falar das profesións máis importantes.	15	8			X
7	Il fait beau!	Describir o deporte e as actividades ao aire libre. Falar do tempo e situar no espazo. Dar consellos saudables. Contar ata 100.	10	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	La chambre de Juliette	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer o sentido global de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	TI	100
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral ou os detalles relevantes de textos moi elementais.		
CA1.3 - Comprender descricións, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprender o sentido xeral de descricións, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns, aínda que se cometan erros de pronuncia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
- Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido¿). - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día). - Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos). - Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación. - Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos). - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿). - Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. - Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira. - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira. - Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os

Contidos
- países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
7	Il fait beau!	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital.	PE	20
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar formularios moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.		
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer o sentido global de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	TI	80
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral ou os detalles relevantes de textos moi elementais.		
CA1.3 - Comprender descricións, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprender o sentido xeral de descricións, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns, aínda que se cometan erros de pronuncia.		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos básicos a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.		
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo bastantes erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais, e pedindo e dando indicacións para ir a un lugar.		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; aínda que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas dificulten a comunicación.		
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar, aínda con algunha dificultade na comunicación.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas, aínda con algunha dificultade na comunicación.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar e contrastar algunhas similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utilizar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias do seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias como persoa plurilingüe.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo o que axuda a mellorar, facéndoo explícito e compartíndoo con outros participantes.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido¿).
- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).
- Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).
- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.
- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.

Contidos
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿). - Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. - Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira. - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira. - Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A nosa metodoloxía será activa e participativa, fomentará o traballo individual, pero tamén a cooperación, así coma a adquisición dos obxectivos descritos pola lei. O equipo pedagóxico e educativo buscará traballar xunto, co fin de aportar un enfoque multidisciplinar e coordenado do proceso de ensino/aprendizaxe.
Os principios psicopedagóxicos nos que nos basearemos serán os seguintes:
- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Tanto nos rasgos psicolóxicos xerais característicos dun grupo de idade como dos coñecementos e capacidades que condicionarán a adquisición dos novos contidos.
- Fomentar a construción de aprendizaxes significativas. Co obxectivo de relacionar os novos contidos cos que xa foron adquiridos, así como coa realidade propia do alumnado.
- Promover a capacidade de aprender a aprender. Posto que é importante que o alumnado adquira os mecanismos necesarios para aprender de maneira autónoma agora e no futuro, co fin de poder integrarse de maneira eficaz e construtiva na sociedade e cooperar na súa transformación.
- Invitar á participación activa do alumnado. A aprendizaxe significativa demanda unha actividade mental por parte do suxeito que aprende. Isto exixe que o alumnado estea motivado para realizar as actividades que vai acometer.
- Contribuir a un clima de aceptación mutua e de cooperación. Promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución das tarefas e responsabilidades entre eles.
- Estimular a transferencia e a conexión entre os contidos. É importante transmitir unha visión de consunto, sen establecer fronteiras arbitrarias.
Parar aplicar estes principios, utilizaremos as seguintes estratexias metodolóxicas:
- Cognitivas: As operacións mentais que o alumnado realiza para identificar, organizar, asociar, buscar, comparar... Implican unha interacción entre quen aprende e a materia de estudo, unha manipulación mental e física desta materia e a aplicación de técnicas específicas co obxectivo de resolver un problema ou executar unha tarefa de aprendizaxe.
- Metacognitivas: As operacións mentais que o alumnado utiliza para controlar e avaliar a súa aprendizaxe. Consisten esencialmente na reflexión sobre o proceso, a comprensión das condicións que o favorecen, a organización e planificación das tarefas, a autoavaliación e a autocorrección.
- Socio-afectivas: Son as actitudes e/ou os comportamentos que o alumnado adopta desde o punto de vista afectivo

para intervir nos traballos e as actividades de clase (cooperación, actitudes voluntarias, falar en público, compartir tarefas...) e cara á lingua de aprendizaxe (desexo de utilizala, ausencia de medo a cometer un erro, non sentir o ridículo, intentar comunicar cun vocabulario limitado...). Implican unha interacción cos demais co fin de facilitar a adquisición da lingua estranxeira así como o control ou a xestión da dimensión afectiva persoal que acompaña a aprendizaxe.
- Comunicativas: Son as operacións que leva a cabo o alumnado para facerse comprender e para resolver as lagoas nalgunhas competencias (pedir que se repita algo, utilizar os xestos, as perífrases, facer preguntas para verificar a comprensión...).
No conxunto dunha metodoloxía activa e comunicativa, é primordial aumentar o tipo e a natureza das actividades que propoñemos ao alumnado. Se queremos que o proceso d ensino-aprendizaxe sexa satisfactorio e completo, se queremos fomentar a motivación e as actitudes positivas, si queremos facer fronte a todos os casos específicos durante as nosas clases, necesitamos propoñer un abano amplo de actividades ao noso alumnado, o que nos permitirá identificar as dificultades e adaptar as nosas accións metodolóxicas.
Traballaremos por tarefas. Todas as nosas unidades terán unha tarefa final cun obxectivo comunicativo, inserida nunha función ou acto de lingua que permita unha aprendizaxe significativa. O desenvolvemento das unidades estará marcado pola tarefa final. Isto marcará tamén o tipo de actividades que propoñeremos ao alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Actividades de sensibilización: As primeiras actividades de cada unidade consagraranse á creación dun contexto, a poñer en marcha hipóteses e expectativas no alumnado, así como mobilizar todos os coñecementos previos. Neste tipo de actividades utilizaremos documentos autenticos ou semi-auténticos, como vídeos, documentos escritos, cancións, imaxes, páxinas web... Faremos un traballo de observación directa para a súa avaliación.
Actividades de exposición: Nesta segunda fase, presentaremos ao noso alumnado un modelo próximo ao que consistirá a tarefa final. Esta fase permitiranos identificar o obxectivo final, así como avanzar nos contidos que lles farán falta para a súa realización. Utilizaremos documentos auténticos ou semi-auténticos de todo tipo. Para a avaliación deste fase utilizaremos sobre todo listas de control (Son capaz de..., Podo..., etc.)
Actividades de conceptualización: Esta fase constituirá o núcleo da unidade, xa que é onde presentaremos claramente os contidos. Traballaremos as subcompetencias que nos axudarán a chegar ao noso obxectivo comunicativo. Poderemos servirnos tamén de documentos que nos permitan explotar os puntos lingüísticos, fonéticos, léxicos, como imaxes, videoclips, documentos escritos en calquera soporte, vídeos... así como actividades máis lúdicas como xogos de rol, etc. Utilizaremos as rúbricas e as listas de control ou de observación para a avaliación deste tipo de actividades.
Actividades de produción: Esta fase será o primeiro acercamento á tarefa final. Pediremos ao alumnado que cree unha produción semellante á produción final, pero nun soporte distinto. Este tipo de actividades demandará sempre o uso da creatividade e a utilización de todos os contidos traballados ao longo da unidade. Permitiralles prepararse para a tarefa final e verificar os contidos adquiridos, xa que esta fase será a fase da autoavaliación ou co-avaliación por parellas ou grupos. Implicará un traballo de búsqueda máis autónomo e de expresión máis libre. Esta actividade debe producir un efecto de reflexión metalingüística no alumnado, para que este sexa consciente da súa aprendizaxe.
Actividades de avaliación: Será a tarefa final de cada unidade. Será unha tarefa creativa cun obxectivo comunicativo. Presentarase ao resto da clase nun soporte específico (presentación, diálogo, vídeo, redes sociais, páxina web, tríptico, cartel,. etc.). O tipo de avaliación para esta tarefa será unha avaliación sumativa, xa que representa o final do proceso de adquisición de contidos da unidade. Pero conlevará tamén unha reflexión, xa que pediremos unha autoavaliación.
Dicionario bilingüe, en liña ou papel.
Selección de documentos escritos adaptados ao nivel.
Caderno do alumno/a persoal
Caderno de exercicios Transit 1

Materiais audiovisuais
Actividades de contido específico sobre contidos de gramática ou lingüísticos en xeral.

Todas as actividades mencionadas implicarán a utilización das catro competencias de comprensión e produción oral e escrita, en interacción ou en monólogo.
Queremos fomentar verdadeiramente unha aprendizaxe cooperativa e colaborativa, por iso imos utilizar todo tipo de agrupamentos para a realización das actividades (individual, por grupos, por parellas,...) e tamén incitaremos a axuda entre iguais (preguntas, explicacións, consellos,...) e a solidariedade como un tipo de mediación na clase, e como unha maneira de unir ao grupo para a adquisición satisfactoria das competencias.
A transversalidade no currículo vai ter tamén un papel importante nesta programación, xa que asegura a aprendizaxe significativa e o respecto da diversidade da clase.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O noso currículo empeza desde cero, polo que facer unha avaliación inicial en canto a contidos non ten moito sentido. Si que buscaremos que información cultural teñen respecto da cultura, gastronomía, xeografía ou dimensión mundial da francofonía, pero cun obxectivo máis de eliminación de clichés ou estereotipos que de contidos.
O que si faremos será testar as aptitudes e as capacidades para poder predecir e orientar (informar, clasificar e motivar), así como para obter información sobre as posibles dificultades.
Farémolo por medio das mesmas actividades mencionadas na metodoloxía, e utilizaremos distintos tipos de avaliación co fin de obter unha resposta o máis axustada á realidade posible.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**15**	**15**	**15**	**15**	**15**	**15**	**10**
Proba escrita	0	25	30	30	30	20	20
Táboa de indicadores	100	75	70	70	70	80	80

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**100**
Proba escrita	**22**
Táboa de indicadores	**78**

Criterios de cualificación:

Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa.
a) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes

obxectivos e contidos nas cinco destrezas. Teranse en conta os criterios de avaliación que procedan de entre os seguintes: 1.1, 1.2, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7, 1.9, 1.10, 1.11, 2.1 e 2.2.
En canto ás probas, proporanse dúas por trimestre: unha incluirá a parte de gramática e a comprensión oral, se a sesión o permite, senón pasará a formar parte da segunda proba, realizándoa así xunto coa comprensión escrita, (nunha segunda sesión).
En canto á expresión escrita e oral, rexistraranse na aula diariamente no caderno da profesora. A este efecto, en cada trimestre proporase a realización e exposición de tarefas, como monográficos, proxectos, elaboración de cartaces, diálogos, posta en escea de situacións de fala, probas de adquisición de léxico e conxugación, xogos e probas de pronuncia, etc., nas que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que encaixen, e que permitirán valorar as ditas competencias. Para realizar estas tarefas, o alumnado contará con recursos aportados en clase ou na aula virtual, e materiais que serán previamente definidos e estarán a disposición do alumnado. Para obter os ítems que nos permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos seguindo os criterios de avaliación que se enumeran a continuación: 1.3, 1.8, 1.12, 1.13, 2.3, 2.4, 2.5, 2.6, 3.1, 3.2, 3.3 e 3.4, recurrirase á observación directa na aula (caderno da profesora).
Os resultados das probas trimestrais basearanse nos pesos seguintes:
Probas (70%): 5 p. de gramática (valorarase ata un máximo de 5 puntos). A ponderación das probas será anunciada ao alumnado antes da súa realización e figurará na propia proba.
1 p. de comprensión oral
1 p. de comprensión escrita.
As restantes notas (30%) sairán do traballo de clase según sigue:
1 p. de expresión oral
1 p. de expresión escrita
1 p. de observación na clase.
A cualificación trimestral obterase da media indicada e calculada das cualificacións obtidas nas unidades didácticas e actividades propostas traballadas en cada trimestre. De non ser isto suficiente para acadar un resultado positivo, poderase propor unha nova tarefa ou a repetición concreta dunha parte das mencionadas anteriormente.
b) A cualificación da avaliación ordinaria obterase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta programación (25% - 35% - 40% respectivamente).
c) O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):
- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.
- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.
- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.
- Amosar interese e esforzo pola materia e o cumprimento das diversas tarefas.
Nun método comunicativo que ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia de comunicación oral e escrita como esta programación didáctica, avaliaremos os parámetros seguintes:
- Lingüísticos: Os índices de medida serán o dominio do sistema fonolóxico (a alumna/o pode expresarse de maneira suficientemente clara, pero a persoa interlocutora deberá ás veces pedir a repetición), a morfosintaxe (a alumna/o pode utilizar as formas gramaticais simples relativas á situación dada pero comete aínda erros elementais) e o léxico (a alumna/o pode utilizar un repertorio limitado pero pertinente para xestionar as situacións correntes da vida cotiá, cunha escritura fonética, pero non exactamente ortográfica).
- Sociolingüísticos: os índices de medida serán a adecuación do rexistro de lingua utilizado á persoa destinataria e ao contexto, a adecuación da produción á situación proposta e a exactitude e intelixibilidade da mensaxe.
- Pragmáticos: Os índices de medida serán a capacidade da alumna/o de producir un texto simple e coherente, a súa capacidade de enlazar enunciados coas articulacións máis frecuentes, a súa adaptación a diversos tipos de discursos, o emprego de xestos, de mímica, de perífrases, o emprego de preguntas para comprender unha mensaxe...
Estes criterios, que son máis ben índices de medida, son a base dos criterios sobre os que se constitúen os obxectivos, os contidos e a súa relación cos estándares de avaliación e a adquisición das competencias durante o proceso de ensino-aprendizaxe, recollidos nos textos legais mencionados anteriormente. Constitúen a base do desenvolvemento desta programación.
Para medilos, utilizaremos ferramentas diversas, que combinadas farán que esta parte do ensino-aprendizaxe sexa máis obxectiva, clara e transparente. Estas ferramentas insírense nas unidades didácticas, e aparecen xa introducidas nos contidos e criterios de avaliación, co seu grao mínimo de adquisición.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non chegue á adquisición do grao mínimo, terá a posibilidade da recuperación da materia.
Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais

aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación. O alumnado que teña resultado negativo nunha ou dúas avaliacións poderá recuperar a materia a través da avaliación continua no 3º trimestre, sempre que a nota máis baixa dos tres trimestres sexa superior ao 1. O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso: 25%, 35%, 40% respectivamente.
Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.
Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar as probas e/ou as tarefas das destrezas nas que non acadou o grao mínimo de consecución. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas. Procede deixar constancia no Informe de atención individualizado.
Realizadas as probas e tarefas correspondentes ás unidades, observaranse as cualificacións máis elevadas para cada destreza e realizadas na avaliación ordinaria, de cara a calcular a cualificación nesta avaliación.
A proba de recuperación poderá estar dividida en varias partes, según sexa o caso, e dependendo das probas nas que o resultado acadado non fora satisfactorio.
Como exemplo, poderá ser un dossier ou unha elaboración dun diálogo, presentación oral (sexa por vídeo ou presencial), etc. sobre os contidos indicados para a ocasión, que avaliarán a comprensión e expresión escrita e oral dos mesmos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Faremos un seguimento específico mensual do alumnado con materia pendente, a través das actividades da propia aula, pero tamén coa elaboración dun boletín que versará sobre os contidos do curso, cunha avaliación e autoavaliación trimestral
- Os alumnos que tiveran que recuperar o francés de cursos anteriores poderían facelo dos seguintes modos:
a) Aprobando calquera dos trimestres do francés de 2º ESO. En todo caso, tamén aprobarán automaticamente o francés pendente tódolos alumnos que aproben o francés de 2º.
b) Os alumnos que teñan o francés de cursos anteriores pendente e non aproben polo procedemento descrito anteriormente deberán:
- entregar feitas as actividades de repaso que se lles entregarán nas datas que fixe o departamento.
- presentarse a dúas probas, na data que fixe a xefatura de estudios, que avaliarán a competencia comunicativa do alumno.
Nota: os alumnos que cursen programas de diversificación curricular só terán que realizar as actividades de repaso que se lles entregarán. Estas actividades contarán o 100 % da nota.
c) Os alumnos que non aproben a materia na avaliación ordinaria poderán presentarse á proba extraordinaria na data que marque a xefatura de estudos.
- Os instrumentos de avaliación son:
1) Dossieres de actividades : O departamento elaborará, conforme ó temario e ás características dos alumnos, dous dossieres de actividades que serán entregados ós alumnos e que os alumnos deberán devolver feitos.
2) Probas. Cada unha das probas constará de catro partes: comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita.
- Criterios de cualificación No caso de que o alumno aprobe polo procedemento a), a súa nota será a mesma que obteña en 2º da ESO. No caso de que o alumno aprobe polo procedemento b), a súa nota será calculada do seguinte xeito:
Dossier 1: 20%
Dossier 2: 20%
Proba 1: 30% (25% cada unha das 4 destrezas de compresión e expresión)
Proba 2: 30% (25% cada unha das 4 destrezas de compresión e expresión)
Para superar a materia será necesario acadar como mínimo un 2 sobre 10 en cada unha das partes das probas e que a media total entre a nota das probas e dos dossieres sexa igual ou superior a 5. No caso de que o alumno aprobe polos procedementos c), a súa nota será calculada cun valor de 25% cada unha das 4 destrezas de compresión e expresión.
Para superar a materia será necesario acadar como mínimo un 2 sobre 10 en cada unha das partes da proba e que a media sexa igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto aos contidos conceptuais, partiremos sempre do global, do xeral, para adentrarnos despois nos detalles e na profundización segundo as capacidades de cada un/ha.
En canto ás actividades, serán o reflexo desta diversidade. Unha primeira categoría servirá para poñer en práctica a comprensión global du tema tratado e para correxir os posibles erros, e unha segunda categoría permitiranos verificar as capacidades de creación e de análise do alumnado fronte a situacións de comunicación concretas.
Finalmente, as actividades de avaliación estableceranse en diferentes niveis de adquisición.
Propoñeremos actividades de reforzo de carácter obligatorio ou voluntario, segundo as necesidades específicas de cada alumna/o. Este tipo de actividades poderán consistir na realización dun maior número de exercicios similares aos realizados na clase, privilexiando os contidos máis próximos ao grao mínimo de adquisición dos estándares e competencias.
No caso de alumnado con características físicas, sensoriais ou outras especiais, poderemos facer adaptacións precisas para compensar as súas dificultades para acceder ao currículo. Estas poden ser de diversa natureza:
- Apoio de persoal especialista: isto supón a colaboración con profeisonais e servizo adaptados ás súas necesidades no espazo educativo.
- Adaptacións dos elementos espaciais: co fin de rachar con toda barreira tanto no centro como na clase e no seu mobiliairo.
- Elementos materiais e recursos didácticos: adaptación do material escrito e audiovisual, utilización da informática ou outros medios, etc.
Estas estratexias veranse acompañadas doutras medidas co fin de permitir unha mellor atención á diversidade do alumnado en xeral, e ao alumnado con necesidades educativas específicas (TDAH, altas capacidades, incorporación tardía ao sistema ou condicións persoais), en particular as seguintes:
- Realizar unha avaliación inicial detallada xa que os grupos adoitan ser heteroxéneos.
- Dispor de actividades variadas e de diferentes tipos de avaliación.
- Propoñer diferentes tipos de "recuperacións" en función das diferentes necesidades.
- Ter en conta o ritmo de aprendizaxe do alumnado.
- Insistir nos reforzos e o apoio persoal para favorecer a autoestima.
- Fomentar un bo clima de aprendizaxe e de cooperación entre o alumnado.
- Adaptar os contidos do currículo.
Estamos pendentes da avaliación inicial para aplicar, se fora o caso, as medidas pertinentes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Respecto e tolerancia. Estereotipos de todo tipo, especialmente culturais.	X	X	X				X
ET.2 - Igualdade entre os sexos.	X	X	X	X		X	X
ET.3 - Actividade física e o deporte.	X		X	X	X	X	
ET.4 - Alimentación equilibrada. Saúde.	X			X	X	X	X
ET.5 - Ecoloxía e pacifismo.		X					X
ET.6 - Racismo.			X	X			X
ET.7 - Resolución de conflitos.			X		X		

Observacións:
Todos estes elementos transversais avaliaranse dentro de cada unidade didáctica, por medio de listas de control ou de rúbricas de observación, xa que forman parte do currículo da materia e do seu espírito mesmo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Crêperie	Degustación de crêpes bretonas e toma de contacto cun contexto francófono,		X	
Intercambio epistolar cun collège francés	Intercambio de cartas co alumnado francés	X	X	X
Contacontos africano	Espectáculo de contacontos no salón de actos do instituto		X	X
Saídas de interese pedagóxico relacionadas coa materia	Asistencia a actividades, teatro, exposicións, etc.	X	X	X
Saídas e actividades culturais (cine, teatro, exposicións, etc.)	En función da programación das salas da cidade.	X	X	X
Saídas propostas por outros departamentos	Actividades culturais e lingüísticas propostas por outros departamentos que sexan de interese.	X	X	X
Journée de la Francophonie	Actividades lúdicas e culturais para celebrar a francofonía.		X	
Fiestinema	Festival de cine francófono organizado pola Alianza Francesa.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación das unidades didácticas, temas ou proxectos aos elementos do currículo.
Adecuación da temporalización das unidades didácticas, temas ou proxectos.
O desenvolvemento da programación respondeu á temporalización prevista.
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Pertinencia dos meteriais didácticos utilizados.
Adecuación do plan de avaliación inicial.
Adecuación dos criterios para a valiación contínua.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Adecuación dos programas de reforzo ou recuperación.
Adecuación das medidas específicas de atención á diversidade e ao laumnado NEAE.

Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
Adecuación dos mecanismos de información ás familias.
Adecuación da revisión e adaptación da programación ao longo do ano.
Contribución da materia ao plan lector do centro.
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia

Descrición:

Ao final de cada unidade está prevista unha táboa de autoavaliación para o alumnado, que dará conta do desenvolvemento positivo ou negativo, da nosa programación.
Ademais, no final de cada trimestre proporemos ao alumnado unha táboa parecida, pero neste caso pedindo a súa opinión, para avaliar o conxunto do traballo feito e as posibilidades de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓNS DE DEPARTAMENTO
Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirase para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coodinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.
PROENS
O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento fixarase que docente se encargará de facer o seguimento na aplicación para cada nivel.
Ao remate de cada UD teremos constancia do grao de cumprimento et de adquisición das competencias. Eses resultados permitirannos elaborar as propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.
AVALIACIÓN
Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:
a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reaxustes.
b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse constrastar co número de sesións adicadas.
c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando extendelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

9. Outros apartados